# Líder




# EFECTO FRIGSA

**A Milagrosa mantén unha xeira impecable no Luis López Gorgoso, onde sumou 13 dos 15 últimos puntos en xogo.** Os de Madriles son conscientes de que as opcións de permanencia pasan pola casa, e ante o Deportivo B demostraron que os puntos no seu campo teñen dono

DIVISIÓN HONRA XUVENIL

## De volta á senda gañadora



O Lugo recuperou o sorriso na máxima categoría do fútbol base nacional tras impoñerse con máis sufrimento do necesario a un Roces que apurou as súas opcións ata o final

REPORTAXE

## Renovación dos campos de Meira e Paradela

A Deputación de Lugo mellorou os terreos de xogo da Lomba e O Gandarón grazas ás obras de mellora realizadas nas instalacións con achegas do ente provincial

PROVINCIAL INFANTIL

## O duelo polo liderado rematou en táboas

Ribadeo e Sarriana medíronse no Pepe Barrera nun duelo de equipos que aínda non coñecen a derrota. Ambos saen coas espadas en todo o alto e mantendo a súa condición de invictos nesta segunda fase da competición

LIGA GALEGA XUVENIL

## Suma e segue da Residencia a domicilio



Nova vitoria dos de Dani Galán lonxe da Cheda, onde esta tempada manteñen a conta pendente de gañar. A vitoria en Santiago ante o Conxo refrenda o punto conseguido a semana pasada ante o líder da competición e afasta aos branquiazuis dos postos de descenso tras encadear dúas xornadas sen perder

# Clasificacións » Ligas Superiores e Provinciais

## XUVENIL D. DE HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CD Lugo – TSK Roces | 4-3 |
| Colindres – Bansander | 1-2 |
| Covadonga – Alondras | 3-1 |
| Sp. Gijón – RC Celta | 1-2 |
| At. Perinés – Pontevedra | 1-2 |
| Val Miñor – Deportivo | 0-0 |
| R. Oviedo – R. Santander | 0-1 |
| Ural – R. Ferrol | 3-2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RC CELTA | 50 | 20 | 16 | 2 | 2 | 47 | 16 |
| SPORTING GIJÓN | 46 | 20 | 14 | 4 | 2 | 63 | 17 |
| R SANTANDER | 45 | 20 | 14 | 3 | 3 | 53 | 17 |
| **CD LUGO** | **37** | **20** | **11** | **4** | **5** | **38** | **27** |
| URAL CF | 35 | 20 | 11 | 2 | 7 | 39 | 31 |
| REAL OVIEDO | 33 | 20 | 9 | 6 | 5 | 29 | 14 |
| RC DEPORTIVO | 32 | 20 | 9 | 5 | 6 | 39 | 20 |
| ATL PERINES | 29 | 20 | 8 | 5 | 7 | 34 | 38 |
| BANSANDER | 26 | 20 | 8 | 2 | 10 | 25 | 40 |
| ED VAL MIÑOR | 24 | 20 | 6 | 6 | 8 | 22 | 28 |
| RACING FERROL | 21 | 20 | 5 | 6 | 9 | 27 | 38 |
| TSK ROCES | 21 | 20 | 6 | 3 | 11 | 22 | 42 |
| CD COVADONGA | 17 | 20 | 4 | 5 | 11 | 20 | 37 |
| PONTEVEDRA CF | 16 | 20 | 5 | 1 | 14 | 23 | 45 |
| CD COLINDRES | 9 | 20 | 2 | 3 | 15 | 8 | 43 |
| ALONDRAS CF | 9 | 20 | 2 | 3 | 15 | 10 | 46 |

### PRÓXIMA XORNADA

RC Celta - Covadonga | Pontevedra - R. Oviedo
TSK Roces - Sp. Gijón | Alondras - At. Perinés
Bansander - Val Miñor | R. Santander - Ural
Deportivo - CD Lugo | R. Ferrol - Colindres

## XUVENIL LIGA NACIONAL

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Valladares – RC Villalbés | 2-1 |
| CD Areosa – Sta. Mariña | 1-0 |
| CD Lérez – Conxo | 1-1 |
| R. Bouzas – Pabellón | 1-0 |
| Calasanz – Orillamar | 2-1 |
| Deportivo – Porriño | 3-1 |
| Victoria – CD Lugo B | 4-1 |
| Choco –Val Miñor B | 4-0 |
| Arosa SC – RC Celta B | 0-1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA "B" | 49 | 19 | 16 | 1 | 2 | 60 | 19 |
| C.D. CALASANZ | 43 | 19 | 13 | 4 | 2 | 35 | 17 |
| VICTORIA C.F. | 39 | 19 | 12 | 3 | 4 | 44 | 25 |
| DEPORTIVO "B" | 35 | 19 | 11 | 2 | 6 | 36 | 20 |
| C.D. CHOCO | 35 | 19 | 11 | 2 | 6 | 45 | 25 |
| C.D. CONXO | 33 | 19 | 10 | 3 | 6 | 43 | 34 |
| PABELLON | 31 | 19 | 9 | 4 | 6 | 33 | 21 |
| **R. VILLALBES** | **30** | **19** | **9** | **3** | **7** | **23** | **27** |
| C.D. AREOSA | 29 | 19 | 9 | 2 | 8 | 31 | 30 |
| PORRIÑO C.F. | 25 | 19 | 7 | 4 | 8 | 35 | 39 |
| RAPIDO BOUZAS | 23 | 19 | 6 | 5 | 8 | 18 | 20 |
| VAL MIÑOR "B" | 22 | 19 | 5 | 7 | 7 | 24 | 32 |
| VALLADARES | 19 | 19 | 5 | 4 | 10 | 31 | 41 |
| SANTA MARIÑA | 18 | 19 | 5 | 3 | 11 | 22 | 29 |
| AROSA S.C. | 16 | 19 | 4 | 4 | 11 | 17 | 30 |
| **C.D. LUGO "B"** | **14** | **19** | **4** | **2** | **13** | **24** | **47** |
| ORILLAMAR S.D. | 14 | 19 | 4 | 2 | 13 | 25 | 60 |
| C.D. LEREZ | 9 | 19 | 2 | 3 | 14 | 25 | 55 |

### PRÓXIMA XORNADA

Sta. Mariña - RC Villalbés | CD Lugo B - Deportivo B
Conxo - CD Areosa | Val Miñor B - Victoria
Pabellón - CD Lérez | RC Celta B - Choco
Orillamar - R. Bouzas | Arosa - Valladares
Porriño - Calasanz

## XUVENIL GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Boiro – Bergantiños | 1-2 |
| Viveiro CF – Estrada | 2-2 |
| Dumbria – Victoria B | 1-1 |
| At. Riveira – At. Arteixo | 1-2 |
| Betanzos – Ural B | 0-2 |
| O Val – Compostela | 3-1 |
| Conxo B – Residencia | 1-2 |
| EF Lalín – As Pontes | 3-0 |
| Montañeros – G. Caranza | 3-1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E.F. LALIN | 46 | 19 | 14 | 4 | 1 | 57 | 21 |
| S.D. O VAL | 44 | 19 | 14 | 2 | 3 | 49 | 22 |
| S.D. COMPOSTELA | 39 | 19 | 12 | 3 | 4 | 38 | 25 |
| MONTAÑEROS C.F. | 39 | 19 | 11 | 6 | 2 | 40 | 19 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 38 | 19 | 11 | 5 | 3 | 38 | 16 |
| ESTRADA FB | 32 | 19 | 10 | 2 | 7 | 28 | 31 |
| C.D. BOIRO | 30 | 19 | 9 | 3 | 7 | 35 | 30 |
| URAL C.F. "B" | 29 | 19 | 8 | 5 | 6 | 37 | 28 |
| C.F. DUMBRIA | 28 | 19 | 8 | 4 | 7 | 31 | 29 |
| **VIVEIRO C.F. "A"** | **27** | **19** | **7** | **6** | **6** | **32** | **34** |
| VICTORIA C.F. "B" | 27 | 19 | 8 | 3 | 8 | 34 | 34 |
| GALICIA CARANZA | 22 | 19 | 6 | 4 | 9 | 39 | 42 |
| C.D. CONXO "B" | 21 | 19 | 7 | 0 | 12 | 31 | 30 |
| **S.D. RESIDENCIA** | **19** | **19** | **5** | **4** | **10** | **31** | **43** |
| C.D. AS PONTES | 15 | 19 | 4 | 3 | 12 | 24 | 35 |
| AT. DE RIVEIRA | 10 | 19 | 3 | 1 | 15 | 34 | 69 |
| BETANZOS C.F. | 8 | 19 | 2 | 2 | 15 | 19 | 58 |
| AT. ARTEIXO | 8 | 19 | 1 | 5 | 13 | 23 | 54 |

### PRÓXIMA XORNADA

Estrada - Bergantiños | Residencia - O Val
Victoria B - Viveiro CF | As Pontes - Conxo B
Arteixo - Dumbria | G. Caranza - EF Lalín
Ural B - Riveira | Montañeros - Boiro
Compostela - Betanzos

## XUVENIL GALEGA SUR

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Tomiño – UD Ourense | 2-2 |
| Barbadas – Choco B | 0-1 |
| Verin – A Seca | 0-1 |
| Monteporreiro – Comesaña | Susp. |
| AJ Lérez – Ribadumia | 5-1 |
| Pabellón B – Coruxo | 2-2 |
| Portonovo – Calasancio | 2-0 |
| Vila Corpus – Barco | 3-0 |
| Ourense CF – Alondras B | 4-0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OURENSE C.F. | 47 | 19 | 15 | 2 | 2 | 62 | 21 |
| U.D. OURENSE | 43 | 18 | 13 | 4 | 1 | 48 | 17 |
| MONTEPORREIRO | 34 | 17 | 11 | 1 | 5 | 42 | 24 |
| A.J. LEREZ | 32 | 19 | 10 | 2 | 7 | 50 | 28 |
| PABELLON "B" | 30 | 19 | 8 | 6 | 5 | 49 | 29 |
| ALONDRAS C.F. "B" | 30 | 19 | 9 | 3 | 7 | 36 | 33 |
| U.D. BARBADAS | 29 | 19 | 9 | 2 | 8 | 26 | 27 |
| A.C.D. A SECA | 26 | 19 | 8 | 2 | 9 | 34 | 35 |
| **C.P. CALASANCIO** | **26** | **19** | **7** | **5** | **7** | **25** | **27** |
| A.D. TOMIÑO | 25 | 19 | 7 | 4 | 8 | 44 | 47 |
| CORUXO F.C. | 24 | 19 | 6 | 6 | 7 | 32 | 33 |
| A.D. VILA CORPUS | 23 | 19 | 7 | 2 | 10 | 29 | 36 |
| PORTONOVO S.D. | 22 | 19 | 6 | 4 | 9 | 29 | 35 |
| C.D. RIBADUMIA | 21 | 19 | 6 | 3 | 10 | 32 | 45 |
| U.D. COMESAÑA | 20 | 18 | 6 | 2 | 10 | 32 | 44 |
| E.D.C. VERIN | 16 | 19 | 4 | 4 | 11 | 25 | 47 |
| C.D. CHOCO "B" | 15 | 19 | 3 | 6 | 10 | 20 | 47 |
| C.D. BARCO | 14 | 19 | 4 | 2 | 13 | 20 | 60 |

### PRÓXIMA XORNADA

Choco B - UD Ourense | Calasancio - Pabellón B
A Seca - Barbadas | Barco - Portonovo
Comesaña - Verín | Alondras B - Vila Corpus
Ribadumia - Monteporreiro | Ourense CF - Tomiño
Coruxo - AJ Lérez

## CADETE DIVISIÓN HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Val Miñor – Bergantiños | 1-1 |
| CD Areosa – Sta. Mariña | 1-0 |
| Pontevedra – Conxo | 3-1 |
| San Tirso – Pabellón | 0-1 |
| Calasanz – Ural | 0-1 |
| Deportivo – Coruxo | 3-1 |
| Victoria – CD Lugo | 0-2 |
| R. Ferrol – Ourense CF | 2-1 |
| Monteñeros – RC Celta | 0-5 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C.CELTA S.A.D. | 51 | 19 | 17 | 0 | 2 | 81 | 13 |
| DEPORTIVO | 50 | 19 | 16 | 2 | 1 | 62 | 13 |
| URAL C.F. | 38 | 19 | 12 | 2 | 5 | 32 | 19 |
| **C.D. LUGO** | **33** | **19** | **10** | **3** | **6** | **41** | **29** |
| PABELLON | 33 | 19 | 10 | 3 | 6 | 34 | 23 |
| E.D. VAL MIÑOR | 29 | 19 | 8 | 5 | 6 | 31 | 27 |
| SAN TIRSO S.D. | 28 | 18 | 8 | 4 | 6 | 31 | 27 |
| PONTEVEDRA C.F. | 27 | 19 | 9 | 0 | 10 | 34 | 33 |
| C.D. CALASANZ | 25 | 18 | 7 | 4 | 7 | 21 | 23 |
| RACING FERROL | 25 | 18 | 7 | 4 | 7 | 27 | 38 |
| CORUXO F.C. | 25 | 19 | 8 | 1 | 10 | 26 | 33 |
| C.D. CONXO | 22 | 18 | 6 | 4 | 8 | 23 | 27 |
| OURENSE C.F. | 22 | 19 | 6 | 4 | 9 | 25 | 38 |
| VICTORIA C.F. | 19 | 19 | 6 | 1 | 12 | 23 | 40 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 17 | 19 | 4 | 5 | 10 | 23 | 50 |
| SANTA MARIÑA | 16 | 19 | 4 | 4 | 11 | 21 | 41 |
| C.D. AREOSA | 10 | 19 | 2 | 4 | 13 | 22 | 48 |
| MONTAÑEROS C.F. | 10 | 19 | 2 | 4 | 13 | 14 | 49 |

### PRÓXIMA XORNADA

Sta, Mariña - Bergantiños | CD Lugo - Deportivo
Conxo - CD Areosa | Ourense CF - Victoria
Pabellón - Pontevedra | RC Celta - R. Ferrol
Ural - San Tirso | Montañeros - Val Miñor
Coruxo - Calasanz

## CADETE GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| EF Lalín – Bergantiños B | 1-1 |
| Viveiro CF – Estrada | 3-0 |
| CD Lugo B – Victoria B | 0-0 |
| Milagrosa – Deportivo B | 2-1 |
| Calasanz B – Ural B | 3-0 |
| R. Ferrol B – Bertamiráns | 0-3 |
| X. Oroso – Dumbría | 6-0 |
| Orillamar – San Tirso B | 0-1 |
| RC Villalbés – G. Caranza | 2-2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BERTAMIRANS C.F. | 55 | 19 | 18 | 1 | 0 | 55 | 13 |
| X. OROSO | 45 | 19 | 14 | 3 | 2 | 66 | 26 |
| **RACING VILLALBES** | **40** | **19** | **12** | **4** | **3** | **39** | **21** |
| R.C. DEPORTIVO "B" | 34 | 19 | 10 | 4 | 5 | 42 | 17 |
| GALICIA CARANZA | 33 | 19 | 10 | 3 | 6 | 44 | 21 |
| C.F. DUMBRIA | 32 | 19 | 10 | 2 | 7 | 30 | 32 |
| BERGANTIÑOS "B" | 32 | 19 | 9 | 5 | 5 | 27 | 18 |
| C.D. CALASANZ "B" | 31 | 19 | 9 | 4 | 6 | 28 | 19 |
| ESTRADA FB | 26 | 19 | 7 | 5 | 7 | 24 | 34 |
| SAN TIRSO S.D. "B" | 25 | 19 | 7 | 4 | 8 | 26 | 27 |
| **VIVEIRO C.F. "A"** | **22** | **19** | **6** | **4** | **9** | **27** | **32** |
| **C.D. LUGO "B"** | **21** | **19** | **6** | **3** | **10** | **21** | **35** |
| R. FERROL "B" | 20 | 19 | 5 | 5 | 9 | 18 | 37 |
| URAL C.F. "B" | 19 | 19 | 5 | 4 | 10 | 19 | 27 |
| **S.C.D. MILAGROSA** | **17** | **19** | **5** | **2** | **12** | **20** | **45** |
| E.F. LALIN | 14 | 19 | 3 | 5 | 11 | 20 | 39 |
| VICTORIA C.F. "B" | 11 | 19 | 3 | 2 | 14 | 14 | 32 |
| ORILLAMAR S.D. | 6 | 19 | 2 | 0 | 17 | 10 | 55 |

### PRÓXIMA XORNADA

Estrada - Bergantiños B | Dumbria - R. Ferrol B
Victoria B - Viveiro CF | San Tirso B - X. Oroso
Deportivo B - CD Lugo B | G. Caranza - Orillamar
Ural B - Milagrosa | RC Villalbés - EF Lalín
Bertamiráns - Calasanz B

## INFANTIL GALEGA TÍTULO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Portero 2000 – Montañeros | 2-0 |
| Ourense CF – Ural CF | 5-2 |
| Bertamirans – Arosa SC | 4-0 |
| R. Ferrol – RC Celta | 3-4 |
| Deportivo – X. Oroso | 1-0 |
| Val Miñor – Victoria | 4-1 |
| CD Lugo – Choco | 1-1 |
| Pabellón – Sta. Mariña | 5-2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OURENSE C.F. | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 8 | 3 |
| R.C. DEPORTIVO | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 6 | 1 |
| BERTAMIRANS F.C. | 4 | 2 | 1 | 1 | 0 | 7 | 3 |
| PABELLON C.F. | 4 | 2 | 1 | 1 | 0 | 6 | 3 |
| E.D. VAL MIÑO | 4 | 2 | 1 | 1 | 0 | 5 | 2 |
| PORTERO 2000 | 4 | 2 | 1 | 1 | 0 | 3 | 1 |
| R.C.CELTA S.A.D. | 4 | 2 | 1 | 1 | 0 | 7 | 6 |
| C.D. CHOCO | 2 | 2 | 0 | 2 | 0 | 2 | 2 |
| **C.D. LUGO** | **2** | **2** | **0** | **2** | **0** | **1** | **1** |
| RACING FERROL | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 6 | 7 |
| X. OROSO | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 3 | 4 |
| MONTAÑEROS C.F. | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 1 | 3 |
| URAL C.F. | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 3 | 6 |
| SANTA MARIÑA | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 2 | 5 |
| AROSA S.C. | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 1 | 7 |
| VICTORIA C.F. | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 2 | 9 |

### PRÓXIMA XORNADA

Portero 2000 - Ourense | X. Oroso - Val Miñor
Ural CF - Bertamiráns | Victoria - CD Lugo
Arosa SC - R. Ferrol | Choco - Pabellón
RC Celta - Deportivo | Montañeros - Sta. Mariña




## INF. GAL. DESCENSO NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Residencia – Imperator | 0-13 |
| G. Caranza – EF Lalín | 3-0 |
| Conxo – Bergantiños | 2-1 |
| Calasanz – Riveira | 6-5 |
| San Tirso – Milagrosa | 5-2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C.D. CONXO | 17 | 2 | 2 | 0 | 0 | 5 | 1 |
| C.D. CALASANZ | 16 | 2 | 2 | 0 | 0 | 12 | 6 |
| SAN TIRSO S.D. | 16 | 2 | 1 | 0 | 1 | 6 | 8 |
| GALICIA CARANZA | 15 | 2 | 2 | 0 | 0 | 7 | 2 |
| E.F. LALIN | 13 | 2 | 1 | 0 | 1 | 2 | 3 |
| IMPERATOR O.A.R. | 12 | 2 | 2 | 0 | 0 | 19 | 1 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 9 | 2 | 0 | 0 | 2 | 3 | 6 |
| AT. DE RIVEIRA | 7 | 2 | 0 | 0 | 2 | 5 | 9 |
| **RESIDENCIA** | **4** | **2** | **0** | **0** | **2** | **0** | **15** |
| **MILAGROSA** | **0** | **2** | **0** | **0** | **2** | **3** | **11** |

### PRÓXIMA XORNADA

Residencia - G. Caranza | At. Riveira - San Tirso
EF Lalín - Conxo | Imperator - Milagrosa
Bergantiños - Calasanz

## INF. GAL. DESCENSO SUR

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Salgueiriños – R. Bouzas | 1-0 |
| Porriño – Pabellón Prom. | 3-0 |
| CD Areosa – Alondras | 1-1 |
| ED Arousa – Coruxo | 2-1 |
| Calasancio – ED Ourense | 1-2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E.D. OURENSE | 20 | 2 | 2 | 0 | 0 | 5 | 3 |
| SALGUEIRIÑOS | 17 | 2 | 2 | 0 | 0 | 2 | 0 |
| PORRIÑO | 14 | 2 | 2 | 0 | 0 | 5 | 0 |
| ALONDRAS C.F. | 14 | 2 | 0 | 1 | 1 | 1 | 3 |
| C.D. AREOSA | 13 | 2 | 0 | 2 | 0 | 2 | 2 |
| RAPIDO BOUZAS | 9 | 2 | 1 | 0 | 1 | 4 | 1 |
| E.D. AROUSA S.D. | 9 | 1 | 0 | 0 | 1 | 2 | 3 |
| **C.P. CALASANCIO** | **5** | **2** | **0** | **0** | **2** | **1** | **6** |
| CORUXO F.C. | 4 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1 |
| PABELLON PROM. | 4 | 2 | 0 | 0 | 2 | 0 | 4 |

### PRÓXIMA XORNADA

Salgueiriños - Porriño | Coruxo - Calasancio
Pabellon P. - CD Areosa | R. Bouzas - ED Ourense
Alondras - ED Arousa




David Guitián esquivando unha dura entrada dun rival


Álex Ramos rematando a portería ante o porteiro do Roces


Gabarre driblando a un xogador rival pola banda esquerda

# Excesivo sufrimento do Lugo na Cheda

## GRAN PRIMEIRA PARTE e relaxación na segunda ante a que os de Álex Antón reaccionaron con efectividade na área

O Lugo volveu á senda da vitoria na División de Honra xuvenil con máis sufrimento do necesario, xa que os de Álex Antón meteron no partido a un Roces que se viu superado durante gran parte dos minutos.

Na primeira parte o Lugo foi moi superior, tivo o mando do encontro a partir da posesión do balón, tivo profundidade no seu xogo e xerou moitas ocasións, marcou dous goles e estrelou outros dous remates no poste por medio de Casariego, que xogou máis adiantado de inicio neste encontro foi o primeiro en amagar co un a cero.

**CD LUGO 4 – 3 TSK ROCES**

**Goles:** Héctor (2), Ramos e Schuster.

**Goles:** Bode e Fonseca (2).




**Arbitro:** Iván Abel Bruzos **Campo:** A Cheda

No ecuador da primeira parte Álex Ramos rematou ao fondo das mallas un centro de Dani Vidal, e antes do descanso Héctor fixo o segundo ao rematar no segundo pau un balón peiteado por Álex Ramos.

Ao descanso as sensacións eran de que o dous a cero era curto, e ao comezo da segunda parte o Roces aproveitou as lagoas de concentración dun Lugo que se vía moi superior.

Aos dez minutos unha indecisión entre os centrais propiciou o dous a un, pero pouco despois Héctor aproveitou un balón solto na área para facer o tres a un nunha acción na que entrou algo similar ao VAR, xa que o colexiado Iván Abel deu validez ao gol tras consultalo co seu asistente.


Dani Vidal felicitando a Héctor tralo seu segundo gol

### "El partido se nos complicó en la recta final por no sentenciarlo antes"

MIGUEL MATEOS CD Lugo

O Roces non se foi do partido e recortou de novo distancias, metendo o medo no corpo a un Lugo que senteciou o encontro a dous minutos do final co catro a dous de Schuster, polo que deixou sen emoción os minutos finais nos que o Roces asinou o 4-3 final na última acción do partido na que dous xogadores visitantes foron expulsados por unha pequena rifa con Losada para coller o balón do fondo das mallas da portería lucense.

### TROFEO JORGE TATO
XUVENIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| CHRISTIAN | CD Lugo | 8 |
| ÁLEX RAMOS | CD Lugo | 8 |
| VELOSO | Residencia | 8 |
| DAVID LÓPEZ | RC Villalbés | 7 |
| JAIRO | Viveiro CF | 7 |
| JORGE | Calasancio | 6 |
| FONSECA | Residencia | 6 |
| DANI A. | CD Lugo B | 5 |
| YAGO | CD Lugo B | 5 |
| BATALLÓN | Residencia | 5 |
| VIDAL | CD Lugo | 4 |
| XABI B. | CD Lugo B | 4 |
| MOREDA | RC Villalbés | 4 |
| PABLO C. | Viveiro CF | 4 |
| JORGE | Viveiro CF | 4 |
| BORJA | Viveiro CF | 4 |
| SERGI | Calasancio | 3 |
| JORDI | Calasancio | 3 |
| PABLO | Calasancio | 3 |
| GABARRE | CD Lugo | 3 |
| SCHUSTER | CD Lugo | 3 |
| JUAN C. | CD Lugo B | 3 |
| ÓSCAR | RC Villalbés | 3 |
| NOEL | RC Villalbés | 3 |

### Regularidade
XUVENIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| ANXO | RC Villalbés | 24 |
| XABI B. | CD Lugo B | 21 |
| JUAN | Viveiro CF | 18 |
| MACLY | Viveiro CF | 16 |
| GARCÍA | Residencia | 15 |
| XOEL EIJO | Viveiro CF | 15 |
| ANDRÉS | Calasancio | 14 |
| ÓSCAR | RC Villalbés | 13 |
| JAIRO | Viveiro CF | 13 |
| JORGE | Calasancio | 12 |
| NOEL | RC Villalbés | 12 |
| PORTO | CD Lugo B | 11 |
| RUBÉN | CD Lugo B | 11 |
| YAGO | Viveiro CF | 11 |
| ABEL | Calasancio | 10 |
| ÁLEX | Calasancio | 10 |
| IAGO | Calasancio | 9 |
| MOREDA | RC Villalbés | 9 |
| CONDE | Residencia | 9 |
| REIGOSA | Residencia | 9 |
| BRAIS | Calasancio | 8 |
| DANI A. | CD Lugo B | 8 |
| XABI D. | CD Lugo B | 8 |
| DAVID | RC Villalbés | 8 |
| RARES | RC Villalbés | 8 |

### Pichichi
CADETE SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| BRIAN | CD Lugo | 13 |
| LUIS | Viveiro CF | 13 |
| GABRIEL | RC Villalbés | 11 |
| PÉREZ | CD Lugo | 6 |
| TRASI | Viveiro CF | 6 |
| MANU | CD Lugo | 5 |
| IAGO GESTO | RC Villalbés | 5 |
| YAGO | SCD Milagrosa | 5 |
| SAMUEL | CD Lugo | 4 |
| BORJA | CD Lugo B | 4 |
| CADRA | RC Villalbés | 4 |
| RAÚL L. | RC Villalbés | 4 |
| GABI | RC Villalbés | 4 |
| DIEGO C. | SCD Milagrosa | 4 |
| CASTRÍN | CD Lugo | 3 |
| NODAR | CD Lugo B | 3 |
| DENÍS | SCD Milagrosa | 3 |
| RAFA | SCD Milagrosa | 3 |
| BORJA | CD Lugo | 2 |
| ASIER | CD Lugo | 2 |
| MICHI | CD Lugo | 2 |
| JAVIER | CD Lugo | 2 |
| GABRI | CD Lugo B | 2 |
| FREIRE | CD Lugo B | 2 |
| LEO | CD Lugo B | 2 |

### Regularidade
CADETE SUPERIORES

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| LUIS | Viveiro CF | 26 |
| MIGUEL | SCD Milagrosa | 21 |
| TRASI | Viveiro CF | 20 |
| CADRA | RC Villalbés | 19 |
| PAJÓN | SCD Milagrosa | 18 |
| BOIXET | Viveiro CF | 18 |
| DANI | RC Villalbés | 16 |
| YAGO | SCD Milagrosa | 16 |
| CABADO | RC Villalbés | 15 |
| ALEJANDRO | Viveiro CF | 15 |
| GABRIEL | RC Villalbés | 14 |
| RAÚL C. | RC Villalbés | 12 |
| MANEL | CD Lugo B | 10 |
| GABI | RC Villalbés | 10 |
| XOEL IRIMIA | CD Lugo B | 9 |
| DENIS | SCD Milagrosa | 9 |
| NOVO | Viveiro CF | 9 |
| NOEL T. | RC Villalbés | 8 |
| BRAIS | SCD Milagrosa | 8 |
| RAÚL | SCD Milagrosa | 8 |
| RAFA | SCD Milagrosa | 8 |
| ÁLEX | Viveiro CF | 7 |
| BORJA | CD Lugo B | 6 |
| IAGO G. | RC Villalbés | 6 |
| CABARCOS | SCD Milagrosa | 6 |

### Pichichi
INFANTIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| AYMAN | CD Lugo | 12 |
| PÉREZ | CD Lugo | 7 |
| NACHO | Calasancio | 6 |
| MOHA | CD Lugo | 6 |
| DÍAZ | Calasancio | 4 |
| DANI | CD Lugo | 4 |
| CEREIJO | Calasancio | 3 |
| MARCO | CD Lugo | 3 |
| ALONSO | Residencia | 3 |
| YOUNESS | Calasancio | 2 |
| BUIDE | CD Lugo | 2 |
| ANTÓN | CD Lugo | 2 |
| LEO | Milagrosa | 2 |
| ERIC | Residencia | 2 |
| JAVI | Calasancio | 1 |
| MARIÑO | Calasancio | 1 |
| IKER | CD Lugo | 1 |
| ROSÓN | CD Lugo | 1 |
| AHÍTO | Milagrosa | 1 |
| BRUNO | Milagrosa | 1 |
| HUGO | Milagrosa | 1 |
| RAÚL | Milagrosa | 1 |
| JULIO | Residencia | 1 |
| SAÚL | Residencia | 1 |
| NICO F. | Residencia | 1 |

### Regularidade
INFANTIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| CEREIJO | Calasancio | 25 |
| MARCOS | Milagrosa | 21 |
| ALVITE | Residencia | 17 |
| LEO | Milagrosa | 15 |
| BUIDE | CD Lugo | 14 |
| GONZALO | Milagrosa | 14 |
| HUGO | Milagrosa | 14 |
| MAEL | Residencia | 14 |
| HUGO P. | Residencia | 14 |
| TONI | Calasancio | 13 |
| MANU F. | CD Lugo | 13 |
| LAMÚS | Calasancio | 11 |
| ROSÓN | CD Lugo | 11 |
| NACHO | Calasancio | 10 |
| DÍAZ | Calasancio | 10 |
| MOHA | CD Lugo | 9 |
| AMIN | CD Lugo | 9 |
| BRAIS | Milagrosa | 9 |
| DAVID | Residencia | 9 |
| DENÍS | Calasancio | 8 |
| CARMEN | Calasancio | 8 |
| IAGO | Calasancio | 8 |
| MARCO | CD Lugo | 7 |
| B. VASCO | Milagrosa | 7 |

# Reacción tardía do Villalbés

**O RÁCING SOLO COMPETIU DURANTE CUARENTA E CINCO MINUTOS** Na primeira parte o Valladares foi mellor, pero os de Cholas loitaron polos puntos ata o asubío final

**VALLADARES 2 | 1 RC VILLALBÉS**

Goles: Álex e Diego

Gol: Noel




**Arbitro:** Jose Antonio Varela, Rogelio Veiga e Enrique Arizaca **Campo:** A Gándara, Vigo



Clemente co balón nas mans ante Óscar no partido da primeira volta co Valladares

> "En esta Liga ningún equipo se puede permitir una primera parte como la que hicimos. Orgulloso del equipo que vimos en la segunda, mereciendo la victoria. Que nos sirva este encuentro para madurar"
>
> CHOLAS RC Villalbés

O Rácing Villalbés mostrou dúas versións completamente opostas en Vigo ante o Valladares nun mesmo encontro, unha en cada parte.

Na primeira o conxunto chairego estivo descoñecido, sen mostrar en ningún momento os seus acenos de identidade ao perder os duelos directos e ser brando en defensa, xa que os dous goles dos locais na primeira parte foron evitables.

**OS MELLORES**

| RC VILLALBÉS | |
|---|---|
| RARES | 1 1 1 |
| ANXO | 1 1 |
| ÓSCAR | 1 |

Nos segundos corenta minutos os de Cholas foron fieis a si mesmos e mereceron como mínimo parte do botín en xogo.

De saída o Villalbés afrontou o encontro con defensa de cinco, para gañar en seguridade nun campo encharcado e ante un rival moi físico.

Sen estar cómodos o Rácing mantivo o cero a cero inicial ata o ecuador da primeira parte, un gol á contra que naceu nun perda de balón no mediocampo. Acto seguido Rares tivo o empate a un, pero o porteiro local mostrouse moi sólido en todas as chegadas racinguistas na primeira parte, especialmente neste disparo de Rares e nas accións a balón parado. O dous a cero foi duro, xa que se produciu con certa fortuna e a falta de tan só dous minutos para o final da primeira parte.

Nos vestiarios Cholas volveu ao 4-4-2 e o Villalbés alzou o voo. Buscou e mereceu a remontada con múltiples chegadas, pero o gol resistiuse ata que David fíxose cun balón morto na área tras un saque de esquina e deulle máxima emoción á recta final co dous a un a falta de pouco máis dun cuarto de hora, tempo no que Rares estrelou un balón na cruceta, Anido disparou fóra desde a área pequena cando xa se cantaba o gol do empate e David, cun disparo desde a frontal, viu como o porteiro vigués volvíase lucir para manter o dous a un ata o asubío final.

# A pegada do Victoria castigou a unha boa versión do Lugo B

**UNHA DAS MELLORES ACTUACIÓNS DOS ALBIVERMELLOS** dende a chegada de Mourelos quedou eclipsada pola contundencia herculina nos metros finais

**4**

**DOS CINCO PRIMEIROS**

A esixencia do calendario continúa para un Lugo B que tras medirse con Choco e Victoria recibirá ao Deportivo B e visitará ao Calasanz, catro dos cinco primeiros clasificados



Dani Arias presionando a un xogador do Victoria na Fonte

**VICTORIA 4 | 1 CD LUGO B**

Goles: Daniel, Paulo (2) e Gonzalo.

Gol: Damián




**Arbitro:** Martín García, Álvaro Gil e Álvaro Puga **Campo:** A Grela, A Coruña

> "Pouco creible, pero fixemos un partidazo pese ao catro a un final"
>
> CASTRO CD Lugo B

O Lugo B sufriu a versión máis cruel do fútbol. A que aparece cando menos a mereces para encaixar unha avultada derrota nun encontro no que deberías levar máis premio que o teu rival.

Pese a iso, o Victoria quedouse cos tres puntos en xogo nunha exhibición de pegada e fortuna para non encaixar. A contundencia nas áreas marcou o catro a un final, pero o visto no rectángulo de xogo foi un partido igualado en posesión, pero dominado polos lucenses en fútbol.

Ao descanso chegouse co cero a cero inicial, pero as ocasións máis claras foron para o Lugo B, sobre todo por medio de Yago, que dispuxo de dous man a man ante o porteiro herculino, o primeiro rexeitado polo guardameta local e no segundo o balón foise rozando o poste.

**OS MELLORES**

| CD LUGO B | |
|---|---|
| RIVAS | 1 1 1 |
| RUBÉN | 1 1 |
| REY | 1 |

Nada máis empezar a segunda parte chegou o primeiro xerro de auga fría cun gol olímpico, e sen marxe para a reacción o Victoria puxo terra polo medio co dous a cero tras un disparo desde 35 metros.

O Lugo B non se rendeu e volveu soñar cos puntos no campo dun aspirante ao ascenso tras recortar distancias Damián, cun remate no primeiro pau tras un saque de esquina, e sobre todo ao dispoñer Yago doutra clara ocasión para facer o dous a dous.

Á hora de partido o Victoria volveu pegar en seco. Os herculinos fixeron o tres a un cun novo disparo afastado e nada máis sacar de centro chegou o catro a un final, resultado moi avultado e cruel para unha boa versión do Lugo B na Grela.

# Melloría confirmada

**A RESIDENCIA SEGUE XOGANDO O SEU MELLOR FÚTBOL** e acadando mellores resultados a domicilio. O 2019 arrincou de forma ilusionante

**CONXO B** 1 | 2 **SDC RESIDENCIA**

**Gol:** García
**Goles:** Fonseca e Veloso.




**Arbitro:** Alberto Martínez, Mateo Hermida e Alberto Álvarez **Campo:** A Merced, Santiago

**4 PUNTOS** dos seis en xogo sumaron os de Dani Galán neste inicio de 2019, no que a asignatura pendente da Cheda segue vixente pese ao empate da pasada xornada

> “Tuvimos que sentenciar el partido antes para no tener acabar sufriendo en los últimos minutos de juego” **DANI GALÁN** SDC Residencia



Veloso celebrando con Bata un gol ante o Conxo Santiago

A Residencia confirmou en Santiago as boas sensacións que deixaron no último encontro na Cheda ante o Lalín. Os tres puntos ante o Conxo era claves e os de Dani Galán non deixaron pasar a oportunidade.

A Residencia volveu ao seu debuxo táctico habitual nun partido que tivo un claro punto de inflexión á media hora, cando os composteláns se quedaron con dez xogadores.

O Conxo suscitou unha defensa moi alta que deixaba moitos espazos á contra. Os puntas da Residencia caeron en moitos foras de xogo nos primeiros minutos, pero tamén forzaron as dúas tarxetas amarelas do central local.

Con superioridade numérica a Residencia cheirou o sangue e foi a polo Conxo. Fonseca inaugurou o marcador cun remate desde dentro da área e Veloso fixo o cero a dous cunha parede de libro con Pablo de la Iglesia, ambos goles en apenas un intervalo de dous minutos.

Na recta final da primeira parte a relaxación lucense propiciou que tivesen que achicar balóns ata que os dous equipos se retiraron aos vestiarios. No descanso a premisa de Dani Galán foi clara, sentenciar o encontro co terceiro gol para non sufrir na recta final.

Conde tivo dous man a man, Veloso outro moi claro e situacións de contras con superioridade numérica que os da Cheda non finalizaron e cumpríronse os presaxios do seu adestrador, xa que na recta final o Conxo B foise con todo en busca do empate, recortou distancias e asediou a portería lucense nos últimos dez minutos, nos que a Residencia mantívose en pé á vez que Ceide puido matar o encontro cun par de contras perigosas.

**OS MELLORES**

**RESIDENCIA**
- REIGOSA
- CONDE
- GARCÍA

## Apagón do Calasancio tras un inicio prometedor

**OS DOUS GOLES** do Portonovo chegaron na segunda metade do encontro

**PORTONOVO** 2 | 0 **CALASANCIO**




**Goles:** Diego e Mateo para o Portonovo.

> “Intentámolo, pero non estivemos nada acertados en case ningunha faceta do xogo” **RUBÉN NÚÑEZ** CP Calasancio

Derrota do Calasancio en Portonovo tras un encontro no que os monfortinos foron de menos a máis. De inicio Rubén Núñez recuperaba a Nico, pero as baixas de Dani e Brais volveron mermar de efectivos ao Calasancio.

A posta en escena foi o mellor do encontro para os monfortinos, cun cuarto de hora inicial no que foron mellores e ata Buti puido inaugurar o marcador cun disparo cruzado.

Aos poucos o Portonovo foi crecendo ata terminar encerrando no seu campo a un Calasancio ao que o cero a cero ao final da primeira parte sabíalle a gloria.

Nos vestiarios Rubén Núñez intentou reactivar ao seu equipo, pero as sensacións continuaron sendo mellores para un Portonovo que rompeu o marcador inicial pasada a hora de partido tras un roubo no mediocampo que finalizou un dianteiro local cun gran disparo que se coou pola escuadra.

No tramo final o Portonovo baixo a súa intensidade e o Calasancio soñou co empate, pero sen chegadas claras que o fixesen posible ata que a falta de cinco minutos o encontro quedou sentenciado co dous a cero final.

**OS MELLORES**

**CALASANCIO**
- CARBALLO
- SERGI
- DAVID

## Xusto empate en Viveiro

**MACLY VOLVEU LESIONARSE** por terceira vez esta tempada

**VIVEIRO CF** 2 | 2 **ESTRADA**




**Goles:** Juan e Jairo para o Viveiro. Lashan e Álvaro para o Estrada.



Os xogadores do Viveiro celebrando un gol esta tempada

> “Partido muy igualado y trabajado” **ANTONIO SERRANO** Viveiro CF

O Viveiro recuperou o pulso da competición e repartiuse os puntos cun bo Estrada, ante o que os de Antonio Serrano protagonizaron un partido igualado e bonito de ver para os espectadores que se deron cita no Marcos Gómez.

Con todo, o bo xogo e as ocasións de ambos equipos quedaron eclipsadas pola lesión de Macly na primeira parte, a terceira que sofre o xogador franquicia dos celestes esta tempada nos isquiotibiales.

O encontro empezou de forma frenética, con dous goles nos primeiros dez minutos. O primeiro asinouno Juan ao rematar un centro de Jairo aos dous de xogo, tempo no que o Viveiro meteu na súa área ao Estrada con varios córners antes do un a cero. Pero case sen tempo para asimilalo, o Estrada aproveitou unha perda no medio campo local para devolver as táboas ao marcador aos oito minutos.

O ritmo arrefriouse coa lesión de Macly, que afectou aos seus compañeiros, pero o Estrada, pese a estar mellor, non dispuxo de ocasións claras ante Rubén. Xa na segunda parte o medio campo foi unha autopista para ambos equipos nun partido de ida e volta constante.

De novo foi o Viveiro quen pegou primeiro ao adiantar Jairo aos mariñaos á hora de xogo, cunha acción marca da casa buscando posición de tiro coa zurda tras unha diagonal. O Estrada volveu reaccionar rápido e tan só seis minutos despois fixo o dous a dous. Xa na recta final o Viveiro foi o equipo máis ambicioso e estivo preto do gol da vitoria cun remate ao poste de Yago e un posible penalti non sinalado sobre David Ben.

**OS MELLORES**

**VIVEIRO CF**
- YAGO
- JUAN
- JAIRO

# O CD Lugo descolgou ao Victoria no sprint final

**MÁIS QUE 3 PUNTOS,** xa que con este triunfo os lucenses tamén axudaron ao filial de Liga Galega

VICTORIA 0 – 2 CD LUGO




**Goles:** Javi e Brian fixeron os goles do CD Lugo.

**Arbitro:** Brais Rosende Cancela

> "Terceira vitoria consecutiva que nos leva a non abandonar a cabeza" MURADO CD Lugo

O cero a dous co que o Lugo impúxose ao Victoria en Leyma vale máis que tres puntos. Primeiro para seguir instalados nos primeiros postos da División de Honra, e tamén para achegar un pouco a permanencia do Lugo B na Liga Galega, xa que de descender o Victoria tamén o faría a súa filial de Galega por arrastres, aclarando o panorama para os de Seoane un pouco máis.

Os herculinos recibiron aos lucenses co coitelo entre os dentes, suscitando un encontro moi físico no que o Lugo empezou mellor e puido adiantarse no marcador cun remate de Samu ao poste.

A partir de aí as forzas igualáronse, pero os de Martín Murado chegaron ao tramo final máis frescos de cabeza e de pernas polo que descolgaron ao Victoria con dous goles nos últimos oito minutos de partido.

O cero a un asinouno Javi ao rematar no primeiro pau un medido centro de Manu tras gañar o extremo a liña de fondo, e o cero a dous foi obra de Brian, nesta ocasión ao bater no man a man ao porteiro coruñés tras unha asistencia de Borja.

Ao final tres novos puntos trala terceira vitoria consecutiva dun Lugo instalado na cuarta praza antes de recibir ao Deportivo a próxima xornada.

# Frigsa xa é un fortín

**A MILAGROSA TOMBOU AO DEPORTIVO B** no Luis López Gorgoso, onde os de Madriles suman 4 vitorias e 1 empate nos últimos 5 partidos

SDC MILAGROSA 2 – 1 DEPORTIVO B

**Goles:** Pajón e Rafa. **Gole:** En propia porta.




**Arbitro:** Alejandro Vázquez, Tania Fente e Boutzakate **Campo:** Luis López Gorgoso, Frigsa

**13 PUNTOS** sumou a Milagrosa dos últimos quince en xogo na Frigsa, polo que unha vez máis queda refrendado que a permanencia pasa polos partidos da casa



Pajón, autor do un a cero, co balón ante Brais en Frigsa

> "Jugando así todo es mucho más fácil. Enhorabuena por el partido disputado" MADRILES SCD Milagrosa

O fortín de Frigsa consolídase e con el a Milagrosa mantense de cheo na loita pola permanencia. 14 dos 17 puntos que suman os de Madriles esta tempada foron en casa, e 13 dos 14 en Frigsa de forma consecutiva ao encadenar cinco encontros sen coñecer a derrota no Luís López Gorgoso.

A visita do Deportivo B, que na primeira volta bailara aos lucenses en Abegondo, era unha proba de lume, pero os únicos que se queimaron neste encontro foron os herculinos xa que a diferenza final semella moi axustada para os méritos e ocasións que xerou a Milagrosa.

Os primeiros vinte minutos foron os máis complicados, xa que aos lucenses custoulles un pouco axustarse en defensa. A partir de aí lanzaron o anzuelo, soltaron sedal e deixaron que o Deportivo picase.

A Milagrosa deulle o balón ao rival, pero non renunciou ao ataque, dispoñendo das mellores ocasións cun recital de roubo e saída á contra.

O un a cero chegou pronto e asinouno Pajón cun despexe que se converteu nun disparo desde medio campo, ao verse sorprendido o porteiro herculino polo bote do balón.

O Deportivo B tan só tivo unha ocasión clara na primeira parte, cun man a man no que o balón marchouse rozando o poste. O descanso foi ben recibido na Frigsa, e nel a Milagrosa recuperou forzas para dar un recital de fútbol.

Coa seriedade defensiva por bandeira, pechando liñas de pase, roubando e saíndo á contra os de Madriles desquiciaron por momentos a todo un Deportivo, que encaixou o dous a cero ao definir Rafa un man a man á perfección.

O Depor sacou a súa casta de campión e recortou distancias tan só dous minutos despois, cun autogol ao intentar despexar Brais o balón.

Con vinte minutos por diante á Milagrosa acendéuselle a luz da reserva, pero xuntaron filas en defensa, foron solidarios e deixaron ao Deportivo sen poder crear ningunha ocasión ante Borja na recta final dun gran encontro.

**OS MELLORES**

| MILAGROSA | |
|---|---|
| PAJÓN | 3 |
| RAFA | 2 |
| MÁRIO | 1 |

# Vitoria pola vía rápida

**O VIVEIRO** xa gañaba tres a cero antes da media hora inicial

VIVEIRO A 3 – 0 ESTRADA




**Goles:** Trasi, Luis (2) para o Viveiro.

**Arbitro:** Jonathan Losada Menacho



Luchi dando instruccións durante un encontro no Marcos Gómez

> "Partido que arreglamos pronto para afrontarlo con traquilidad" LUCHI Viveiro CF

O Viveiro impúxose ao Estrada no Municipal Marcos Gómez e con iso os de Luchi seguen escalando postos na clasificación. O traballo realizado ao longo da semana deu os seus froitos cunha posta en escena frenética na que os celestes asinaron os tres goles antes da media hora de partido.

Trasi fixo o primeiro aos cinco minutos tras plantarse nun man a man ante o porteiro visitante. Lonxe de acomodarse o Viveiro monopolizou o xogo e minimizou as perdas de balón, con moita calma pero sen renunciar ao ataque ao ser verticais, especialmente por banda esquerda, onde Luís volveuse lucir.

O extremo celeste ampliou a vantaxe co dous a cero tras unha acción individual que finalizou cun disparo desde a frontal da área ao cuarto de hora, e antes da media hora inicial, sentenciou o encontro co tres a cero, nesta ocasión cunha acción na que o Viveiro atraeu a toda a defensa rival cara á banda dereita, deixando espazos na esquerda para que Luís finalizase a acción con campo aberto.

O Estrada intentou meterse na loita polos puntos antes do descanso con balóns longos que os seus puntas peiteaban, pero o Viveiro mostrouse sólido.

Na segunda parte os visitantes acumularon máis xogadores en parcela ofensiva, pero o Viveiro mantívose firme e, aínda que sufriu por momentos, mantivo a súa portería a cero para sumar tres puntos que valen o seu peso en ouro.

**OS MELLORES**

| VIVEIRO CF | |
|---|---|
| ALEJANDRO | 3 |
| BOIXET | 2 |
| TRASI | 1 |

# Un punto con selo do Roca

**0-1 TRAS UNHA DISCRETA PRIMEIRA PARTE** Na segunda os de Simón Lamas foron a máis e Gabriel, cun remate ao pau no desconto, puido culminar a remontada


Raúl López dispara a porta nunha xogada de ataque

**RC VILLALBÉS 2** — **2 GALICIA CARANZA**

**Goles:** Iago Gesto e Gabi — **Goles:** Pedro e Brais




**Arbitro:** Pedro Castro, Adrián Fernández e José Luis Cabanas **Campo:** Estadio Roca


Iago Gesto conducindo o balón ante un xogador rival

O Rácing Villalbés sumou un punto que sabe a pouco tralo desenlace final do encontro ante un Galicia Caranza que sorprendeu na primeira parte, na que foron mellores e chegaron ao descanso con vantaxe dun gol a cero.

Os de Simón Lamas non se atoparon cómodos ao longo dos primeiros corenta minutos, nos que os ferroláns impoñíanse nas segundas xogadas e con iso conseguían levar a iniciativa no xogo.

Ao fío do cuarto de hora inicial chegou o cero a un cun balón longo do Galicia Caranza no que lle gañaron as costas á defensa chairega.

Sen chegar a estar ao seu mellor nivel o Rácing puido empatar antes do descanso, ao dispoñer Raúl López dun man a man e Gabriel dun disparo que se foi rozando o poste.

Tralo paso polos vestiarios viuse ao Villalbés que está coqueteando cos postos de ascenso, nunha atmosfera made in Roca sobre a que o Rácing foi mellor.

**OS MELLORES**

| VILLALBÉS | |
|---|---|
| DANI | 3 |
| RAÚL L. | 2 |
| GABRIEL | 1 |

> "Na segunda parte do encontro demostramos que temos moito que dicir na pelexa da zona alta. ADN vilalbes en estado puro" SIMÓN LAMAS R Villalbés

Aos sete minutos da reanudación Iago Gesto aproveitou un bo servizo de Raúl López para enviar o balón ao fondo das mallas cun remate coa zurda. Acto seguido o Galicia Caranza, na súa única ocasión da segunda parte, volveuse adiantar co momentáneo un a dous.

Con media hora aínda por diante o Villalbés levantou de novo o voo e someteu a un rival que se defendeu como puido. A falta de tres minutos Gabi rematou un centro de Cabado coa cabeza para facer o dous a dous, e no desconto Gabriel estrelou outro remate de cabeza no poste que puido supoñer a que sería unha xusta remontada no Roca.


Gabi forcexeando cun xogador ferrolán en mediocampo

Na próxima xornada os chairegos repetirán coma local, xa que recibirán ao Lalín nun encontro no que os de Simón Lamás tentarán volver á senda da vitoria na Liga Galega cadete.

# O gol, materia pendente do Lugo B

**UN TANTO NOS ÚLTIMOS CATRO ENCONTROS,** nos que os de Seoane sumaron 2 dos últimos 12 puntos en xogo


O albivermello Freire recibe o balón por diante de Andrés


Alesito conducindo o balón ante Gabri nun lance do xogo

Lugo B e Victoria B medíronse nas Gándaras baixo un diluvio constante que foi o factor máis determinante ao longo dos oitenta minutos nos que aos puntos, os de Seoane estiveron máis preto da vitoria que os herculinos.

Os dous equipos víronse obrigados a realizar un fútbol directo que non tiñan en mente antes de comezar o encontro, pero a choiva encharcou o terreo de xogo por completo e este foi o único recurso posible que lles quedou a ambos.

Lugo B e Victoria tiraron de solvencia defensiva, e na primeira parte tan só se contabilizou unha ocasión clara cun disparo que se foi rozando o poste de Freire, que volvía ao once inicial tras dispoñer de minutos a pasada xornada logo de estar tres meses apartado dos terreos de xogo por lesión.

**CD LUGO B 0** — **0 VICTORIA B**




**Arbitro:** Sadoum Bahia Saghair **Campo:** Rodriguez Lago

Na segunda parte o Lugo B conseguiu que se xogase a maior parte do tempo en campo rival, pero aos lucenses volveulles faltar a guinda do gol. Un hándicap que se alarga demasiado, xa que nos últimos catro encontros o Lugo B tan só fixo un gol, na derrota por dous a un en Carballo ante o Bergantiños B.

> "O equipo adaptouse ás circunstancias. Noraboa" SEOANE CD Lugo B

Ao final, reparto de puntos que deixa aos dous equipos na zona baixa. Con menos urxencias os lucenses, pero o colchón de puntos cada vez é máis pequeno cos postos de descenso, polo que urxe sumar de tres en tres e a próxima saída é ao Mundo do Fútbol de Abegondo para medirse co Deportivo B.

# A insistencia do Lugo tivo unha merecida recompensa

**DUELO DE PODER A PODER** con exhibición dos dous porteiros, do visitante no treito final e de Nacho, que con grandes intervencións mantivo con vida ao cadro lucense


Amín presionando a un dianteiro do Choco




**Arbitro:** Ángel Pérez Rodríguez **Campo:** Municipal Rodríguez Lago, As Gándaras


Rosón conducindo o balón ante un defensa rival

Bo partido o disputado entre Lugo e Choco nas Gándaras. A igualdade reinou nos primeiros corenta minutos, mentres que na segunda parte os dous equipos tiveron momentos de dominio claro.

No tramo inicial o Choco cedeulle a posesión do balón ao Lugo para intentar roubar e saír rápido á contra aproveitando a superioridade física dos seus xogadores de ataque. Con todo, as mellores ocasións foron para o Lugo, especialmente por medio de Dani Pérez pola banda esquerda, con chegadas á liña de fondo aínda que non atoparon rematador. Tamén deu moito osixeno Ayman cun bo xogo entre liñas, pero gran parte do xogo disputouse lonxe das áreas.

**OS MELLORES**

| CD LUGO | |
|---|---|
| PÉREZ | 1 1 1 |
| AMÍN | 1 1 |
| MANU | 1 |

Na segunda a posta en escena do Choco foi moi boa, pero os visitantes atopárone con Nacho baixo paus. O porteiro do Lugo, cun varias intervencións de mérito, mantivo con vida ao equipo nos seus peores momentos. Unha vez que os de Galán se sacudiron o dominio inicial dispuxeron de claras ocasións, pero cando mellor estaba o Lugo chegou o 0-1 do Choco cun remate á saída dun córner.

### "El equipo tuvo fe y tuvo su recompensa al final" DANI GALÁN CD Lugo

Con vinte minutos por diante o equipo albivermello foise a por o empate con descaro. Marco serviu un bo balón a Iker, pero este atopouse cunha gran parada do porteiro visitante, que tan só viu derrubado o seu muro no último minuto cun gol de Pérez nun barullo dentro da área rival.


Nacho facéndose notar antes dun córner ante Manu

# Accidente provocado polo Imperátor

**DESCOMUNAL CONTUNDENCIA NOS METROS FINAIS DO CADRO HERCULINO EN FRIGSA**

A Residencia inicia mañá os adestramentos de cara ao próximo partido ante Galicia Caranza


Erik presionando a un xogador do Imperátor en Frigsa




**Arbitro:** Álvaro Valín González **Campo:** Luis López Gorgoso

O Imperator levouse os tres puntos de Frigsa ante a Residencia cunha insultante autoridade propiciada por unha efectividade herculina moi difícil de ver en calquera categoría do fútbol base.

Na primeira volta a Residencia conseguiu impoñerse na Cheda nunha das súas dúas vitorias. Con todo, este partido distou moito do disputado fai apenas un mes.

O conxunto coruñés reforzouse de cara a esta segunda fase, pero o máis significativo foi a pegada que tiveron nos últimos metros. Ao descanso as cousas non pintaban nada ben co cero a cinco co que terminou a primeira parte, pero a segunda foi algo extraordinario.

### "Partido para aprender e olvidalo canto antes" KAISER SDC Residencia

Cada chegada visitante terminaba co balón no fondo das mallas. Lonxe de ser por deixamento dos de Kaiser o certo é que baixo a choiva de Frigsa cada centro era rematado de primeiras cunha precisión incrible, así como os golpeos de balón desde fóra da área que tras pegar no larguero ou nos postes terminaban no fondo da rede.

Ao final o cero a trece é avultado, pero que non deixa de valer os mesmos puntos que o dous a un co que a Residencia se impuxo ao Imperator na Cheda na primeira fase.

Tralo borrón chega a conta nova. Kaiser dirixirá mañá a primeira sesión de adestramentos con vistas ao próximo encontro, no que os da Cheda recibirán ao Galicia Caranza. A mellor forma de esquecer este encontro é volvendo ser competitivos ante un equipo que suma por vitorias os seus dous encontros nesta fase.

# As áreas volven ser a cruz do Calasancio

**DÍAZ ADIANTOU AOS DE MANU RODRÍGUEZ,** pero os monfortinos cederon os tres puntos no treito final do encontro

**CALASANCIO** 1 – 2 **ED OURENSE**

**Gol:** Díaz | **Goles:** Dámaso e Justino




**Arbitro:** David Pérez, Daniel Ramírez e Manuel Moure **Campo:** Álex Blanco

## "Partido muy igualado en el que nos faltó definición en los metros finales para puntuar"

MANU RORÍGUEZ Calasancio

O fútbol volveu ser cruel co Calasancio. Os de Manu Rodríguez viron como o botín íase para Ourense cun gol nos minutos finais que para nada facía xustiza no marcador tralo visto ao longo dos oitenta minutos de xogo.

A lesión de Pablo No ao inicio do encontro supuxo o primeiro contratempo para a Sarriana, que encaixaba o primeiro gol tamén ao pouco de comezar o partido, un tanto de Brais, que aproveitaba un rexeite no segundo pau tras un saque de córner para inaugurar o marcador e poñer por diante ao Ribadeo.

Os mariñaos seguiron buscando ampliar o marcador antes do descanso, pero víanse freados pola defensa sarriá e polo estado do terreo de xogo, que non axudaba a ningún dos dous equipos. Así, o resultado ao descanso era de un a cero..

Tralo paso polos vestiarios os plantexamentos non cambiaron e Rubén aproveitou un disparo de falta directa para empatar o encontro.

A partir de aí, con toda a segunda parte por diante, o Ribadeo volcouse ao ataque para levarse a vitoria. Carlos, Antón e Roi, con dous disparos dende o borde da área, tiveron as mellores ocasións para o 2-1, pero a falta de puntería e Mauro, con paradas de moito mérito, evitaron o gol mariñao.

Antes do asubío final Rubén tivo, nunha xogada á contra, o gol da vitoria da Sarriana, pero o seu disparo non viu porta e ambos conxuntos selaron o reparto de puntos tras 80 minutos de moita intensidade no Pepe Barrera.

# A SD Viveiro empeza ben o 2019

**OS CELESTES** remataron o ano con dúas derrotas consecutivas e, tras descansar a pasada xornada, volveron sumar tres puntos cun merecido triunfo fronte ao Villalbés

| VIVEIRO SD | 4 | VILLALBÉS A | 2 |
|---|---|---|---|
| Dani Dopico | | Leo | |
| Juan L. | | Vicente | |
| Marc | | Álex L. | |
| Carlos | 3 | Noel | |
| Javi | | Sergio O. | |
| Dani M. | | Hugo | |
| Martí | | Sergio D. | |
| Adri | | David G. | 2 |
| Samu | 2 | Anxo | |
| Bruno | | Álex G. | |
| Teshome | 1 | Carlos | |
| Óscar | | Xairo | |
| David A. | | Breixo | |
| Álvaro | | Yago | |
| Naim | | Miguel | 3 |
| Isra | | Toni | 1 |

**Goles:** Samu, Carlos, Teshome e en propia porta para Viveiro. Miguel e Toni para o Villalbés.

**Arbitro:** Antonio Javier Lanzos Rey

> "Cada jornada que pasa competimos mejor. Tenemos que seguir en esta línea de juego y resultados"
> ANTONIO SERRANO SD Viveiro

> "Hemos cometido demasiados errores en ambas áreas"
> JANDRO NOVOA RC Villalbés

Os de Antonio Serrano non sumaban dende o mes de novembro, pero aproveitaron ben as vacacións de Nadal para preparar a conciencia o encontro fronte ao Villalbés e encher o depósito de confianza de cara ás próximas xornadas.

De inicio a ambos equipos costoulles adaptarse ás condicións climatolóxicas e ao campo, pero foi o Villalbés o que deu o primeiro aviso con dúas ocasións de man a man. Na segunda o Viveiro aproveitou a contra para facer o 1-0, obra de Samu, e pouco despois Teshome remataba sen oposición un centro de Óscar para facer o 2-0. Xusto antes do descanso Miguel recortaba distancias e deixaba todo por decidir para a segunda metade.

Tralo paso polos vestiarios a sorte púxose do lado celeste, xa que nun centro dende a banda un defensa chairego introducía o balón en propia porta para o 3-1.

O Villalbés non se rendeu e foise con todo para recortar distancias, pero o 4-1 chegou pouco despois, nunha falta botada por Carlos que se envenenou para acabar entrando na portería sen que Leo puidese facer nada. Antes do asubío final Toni maquillaba o resultado ao aproveitar un pase en profundidade para selar así o definitivo 4-2.

# O Lugo B estrea a conta

**OS DE ANTÓN MÉNDEZ** sumaron por primeira vez tres puntos no Provincial tras remontar na segunda metade o gol que fixera Andrés para o Becerreá

| CD LUGO B | 5 | 1 | SD BECERREÁ |
|---|---|---|---|
| **Goles:** Pepe, Román, Omar, Jose e Simón. | | | **Gol:** Andrés |




**Arbitro:** Francisco Ibáñez **Campo:** Rodríguez Lago

## 0-1

**AO DESCANSO** O Becerreá mandaba no marcador no Municipal Rodríguez Lago, pero nos segundos corenta minutos os capitalinos puxeron fin a unha resistencia visitante que puxo contra as cordas ao de Antón Méndez

**"Victoria agridulce en un partido muy completo de todo el equipo"**
ANTÓN MÉNDEZ CD Lugo B

**"Felicito a mi amigo y compañero Antón por el juego de su equipo"**
NICO LONGHINI SD Becerreá

### OS MELLORES

| CD LUGO B | BECERREÁ |
|---|---|
| BRUNO | CANDELA |
| DIEGO | ALEJO |
| ANDRÉ | CARLOS |

Á terceira chegou a vencida, e é que tras dous empates os albivermellos confirmaron as boas sensacións que viñan tendo cunha clara vitoria fronte ao Becerreá por cinco goles a un.

Os de Nico comezaron mellor, con varios acercamentos ata que Andrés adiantou aos visitantes. Pouco a pouco o Lugo B foise asentando no campo e, mediada a primeira parte, os capitalinos fixéronse co dominio do encontro, pese a que estiveron imprecisos nos metros finais e ao descanso o resultado favorecia ao Becerreá.

Tralo paso polos vestiarios os de Nico comezaron a acusar o cansazo e o Lugo seguiu movendo o balón agotando ao rival. Pronto chegou o 1-1, nunha xogada entre os alevíns Raúl e Jose que culminou este último. Pouco despois e case seguidos o 2-1 e o 3-1, obra de Omar e Román, e pese a que a falta de dez minutos para o final o Becerreá puido recortar distancias por medio de Javi, o Lugo B sentenciou nos intres finais gracias aos goles de Pepe e Simón.

Os de Antón Méndez visitan a Cheda a proxima semana, o Becerreá recibe ao líder, o Ribadeo.


Omar a piques de entrar na área seguido de Candela


Adrián corta un balón por diante do albivermello Bruno


David controla o esférico presionado por Claudio


Alejo, do Becerreá, corta un balón ante André

# O Burela foi letal no inicio do encontro

**OS DE JAVI RUIZ** soben á segunda praza do Provincial tras gañar con claridade ao Sagrado Corazón grazas a unha gran primeira parte na que sentenciaron o partido

| BURELA SD 7 | SAGRADO CORAZÓN 0 |
|---|---|
| Diego | Kike |
| Lestegás | Berto |
| Gayoso | Fran |
| Pablo B. | San Emeterio |
| Mateo | Isma |
| Yago | Adrián |
| Rafa | Rodri |
| Iván | Dani |
| Pablo G. | Amín |
| Adrián | Dawit |
| Fernándo | David B. |
| Santi | Jarno |
| Jorge | Hamza |
| Lisandro | Dani G. |
| Raúl P. | Pablo |
| Óscar | |

**Goles:** Iván, Adrián (3) e Fernando (3) fixeron os goles do Burela.

**Arbitro:** Jorge Marful Campos

Tralo tropezo da primeira xornada fronte ao Ribadeo, os burelaos contan todos os seus partidos por vitorias e suman nove puntos na clasificación, dous menos que os de Moro, que teñen un partido máis.

O pasado sábado os de Javi Ruiz saíron moi enchufados ao campo, mentres que ao Sagrado Corazón costoulle un pouco entrar no partido. Froito diso o resultado xa era de 4-0 cando aínda non se cumpriran quince minutos de encontro, e antes do descanso Adrián facía dous goles máis -o terceiro na súa conta particular e sete en total nas dúas últimas xornadas- que deixaban o encontro visto para sentenza de cara a unha segunda metade na que os de Alberto melloraron sobre todo en actitude e conseguiron crear perigo en área local.

O parcial dos segundos corenta minutos foi de 1-0, un gol obra de Fernando, que tamén anotou o seu hat trick neste encontro para deixar o marcador no definitivo 7-0. A próxima xornada o Burela visita a Ribela para enfrontarse á Sarriana nun duelo da parte alta da táboa, o Sagrado Corazón recibe ao Viveiro e buscara neste encontro a súa primeira vitoria no Provincial.

**"O primeiro tempo é o camiño a seguir, debemos continuar nesa liña nos próximos encontros"**
JAVI RUIZ Burela SD

**"La diferencia entre los jugadores no es la que refleja el marcador, pero sí la de las ganas con las que afrontamos este encuentro"**
ALBERTO PÉREZ Sagrado Corazón

## CLASIFICACIÓNS

### INFANTIL Promoción Ascenso

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| SD Viveiro – RC Villalbés | 4-2 |
| Burela SD – Sagrado C. | 7-0 |
| SD Ribadeo – Sarriana | 1-1 |
| CD Lugo B – Becerreá | 5-1 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SD RIBADEO | 11 | 5 | 3 | 2 | 0 | 11 | 4 |
| BURELA SD | 9 | 4 | 3 | 0 | 1 | 16 | 9 |
| SD SARRIANA | 8 | 4 | 2 | 2 | 0 | 11 | 8 |
| RC VILLALBÉS A | 7 | 5 | 2 | 1 | 2 | 21 | 10 |
| SD VIVEIRO | 6 | 4 | 2 | 0 | 2 | 11 | 13 |
| CD LUGO B | 5 | 5 | 1 | 2 | 2 | 14 | 15 |
| SDC RESIDENCIA | 4 | 4 | 1 | 1 | 2 | 7 | 18 |
| SAGRADO C. A | 3 | 5 | 0 | 3 | 2 | 10 | 18 |
| SD BECERREÁ | 1 | 4 | 0 | 1 | 3 | 7 | 13 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Sagrado - Viveiro | Becerreá - Ribadeo
Sarriana - Burela | Residencia B - Lugo B

### INFANTIL Play-Off

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Polvorín – Antas | 8-0 |
| Foz – Ferroviaria | 3-3 |
| Piringalla – Lourenzá | 0-11 |
| Castro – Palas | 1-3 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LOURENZÁ | 15 | 5 | 5 | 0 | 0 | 40 | 0 |
| POLVORÍN A | 13 | 5 | 4 | 1 | 0 | 20 | 3 |
| PALAS | 10 | 5 | 3 | 1 | 1 | 12 | 11 |
| PIRINGALLA A | 9 | 5 | 3 | 0 | 2 | 15 | 18 |
| FOZ | 7 | 5 | 2 | 1 | 2 | 17 | 15 |
| CD CASTRO | 3 | 5 | 1 | 0 | 4 | 5 | 17 |
| FERROVIARIA | 1 | 5 | 0 | 1 | 4 | 4 | 19 |
| ANTAS | 0 | 5 | 0 | 0 | 5 | 6 | 36 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Castro - Antas | Lourenzá - Foz
Ferroviaria - Polvorín | Palas - Piringalla A

### INFANTIL Torneo Delegación

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| At. Abuín – Corgo | 4-1 |
| Villalbés B – Piringalla B | 5-4 |
| Sagrado B – Casás | 2-6 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| VILLALBÉS B | 12 | 4 | 4 | 0 | 0 | 27 | 9 |
| CASÁS | 12 | 4 | 4 | 0 | 0 | 23 | 6 |
| AT ABUÍN | 5 | 4 | 1 | 2 | 1 | 9 | 8 |
| SAGRADO B | 5 | 5 | 1 | 2 | 2 | 14 | 17 |
| CORGO | 3 | 5 | 1 | 0 | 4 | 10 | 33 |
| PIRINGALLA B | 2 | 4 | 0 | 2 | 2 | 9 | 9 |
| VIVEIRO CF | 2 | 4 | 0 | 2 | 2 | 9 | 17 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Piringalla B - Abuín | Viveiro CF - Sagrado B
Casás - Villalbés B

**PLAY OFF | TORNEO DELEG.**

## Villalbés B, Casás e Lourenzá seguen sen ceder nos seus respectivos grupos

Os tres equipos son os únicos infantís invictos nos torneos. Os chairegos e Casás no Torneo Delegación, mentres que os mariñaos continúan de doce no seu paso polo Play Off.

No Torneo Delegación o Abuín conseguiu o pasado sábado a súa primeira vitoria tras derrotar ao Corgo por catro goles a un e xa ocupan a terceira praza.

No grupo de Play Off o Polvorín é o único equipo que segue o ritmo do Lourenzá. Tras empatar na primeira xornada os amarelos contan todos os seus encontros por vitorias e suman trece puntos, tan so dous menos que o conxunto mariñao.

## Pichichi
CADETE PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| SAMU | Ribadeo | 21 |
| ISMAEL | CD Foz | 18 |
| DANI | Burela SD | 17 |
| DAVID | Sagrado | 15 |
| HAMZA | Sarriana A | 15 |
| DHOMI | Polvorín A | 13 |
| MANOEL | Residencia A | 12 |
| LOMBARDÍA | Residencia A | 12 |
| ABUÍN | CD Foz | 11 |
| ISMA | Monterroso | 10 |
| MANU COUCE | Polvorín A | 10 |
| HUGO SOTO | Burela SD | 9 |
| MANU | Castro | 9 |
| SERGIO | CD Foz | 9 |
| SAMUEL | Polvorín A | 9 |
| MARTÍN | Residencia A | 9 |
| CANCIO | Residencia A | 9 |
| DEL VISO | Ribadeo | 8 |
| LUCAS | CD Foz | 7 |
| ÁLEX FDEZ. | Polvorín A | 7 |
| YONI | Sagrado | 7 |
| AYÁN | Sarriana A | 7 |
| RIVEIRA | Castro | 6 |
| RAÚL | Monterroso | 6 |
| DAVID | Polvorín A | 6 |
| VICTOR | Residencia A | 6 |
| IVÁN M. | Ribadeo | 6 |
| MIGUEL G. | Ribadeo | 6 |
| ROI | Ribadeo | 6 |
| DAVID OTERO | Burela SD | 5 |
| ADRIÁN | Burela SD | 5 |
| JOSE | CD Foz | 5 |
| PABLO | CD Foz | 5 |
| IVÁN | Monterroso | 5 |
| MARCOS L. | Polvorín A | 5 |
| YOEL | Residencia A | 5 |
| GUILLE | Residencia A | 5 |

## Regularidade
CADETE PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| DANI | Burela SD | 19 |
| CARLOS | CD Foz | 19 |
| ADRIÁN | Burela SD | 16 |
| ABUÍN | CD Foz | 15 |
| ISMA | Monterroso | 14 |
| LOMBARDÍA | Residencia A | 14 |
| MANU | Castro | 13 |
| CANCIO | Residencia A | 13 |
| DAVID OTERO | Burela SD | 12 |
| ANXO | Burela SD | 12 |
| ANDRÉS | Polvorín A | 12 |
| DAVID | Sagrado | 12 |
| RICARDO | Sarriana A | 12 |
| MIGUEL | Castro | 11 |
| ÁLEX | CD Foz | 11 |
| JAVI PÉREZ | Ribadeo | 11 |
| SAÚL | Sarriana A | 11 |
| ÁLVARO | CD Foz | 10 |
| GUILLE | Residencia A | 10 |
| ARCADIO | Castro | 9 |
| ÁLEX VV | Monterroso | 9 |
| GABI | Monterroso | 9 |
| JAVI | Polvorín A | 9 |
| ÁLEX FDEZ. | Polvorín A | 9 |
| MARCOS L. | Polvorín A | 9 |
| SAMUEL | Ribadeo | 9 |
| ROI | Ribadeo | 9 |
| AARÓN | Sagrado | 9 |
| HAMZA | Sarriana A | 9 |
| SERGIO | CD Foz | 8 |
| JOSE | CD Foz | 8 |
| ISMAEL | CD Foz | 8 |
| JORGE | Monterroso | 8 |
| DHOMI | Polvorín A | 8 |
| NICO | Ribadeo | 8 |
| IÑAKI | Ribadeo | 8 |
| DIEGO | Ribadeo | 8 |
| SAMUEL | Sagrado | 8 |


Manu a piques de disparar ante Conde


Álex en condución por diante de Raúl e Santi


Raúl controla o coiro ante a mirada de David

# O Polvorín tivo paciencia ante un bo Monterroso

**OS DE CABALLERO** decantaron o encontro na segunda metade, tralo empate a un co que chegaron ao descanso ante unha boa versión visitante

**POLVORÍN 3 – 1 MONTERROSO**

**Goles:** Andrés, Dhomi e Alberto Vázquez

**Goles:** Isma.

Polvorín: Nico (Javi), David (NIco V.), Conde, Alberto D. (Alberto V.), Álex L., Álex F., Dhomi, Raúl, Andrés, Lucas (Fer), Marcos L. (Manu C.)

Monterroso: Manu, Jorge (Óscar), Álex VV, isma, Martín R. (Roi), Kevin, Santi (Artai), Raúl (Martín P.), Diego, Gabi, Iván

**Arbitro:** Yecis Omal Amancio Rodríguez **Campo:** O Polvorín

**OS MELLORES**

| POLVORÍN | | MONTERROSO | |
|---|---|---|---|
| DHOMI | 3 | IVÁN | 3 |
| CONDE | 2 | ISMA | 2 |
| MANU C. | 1 | MANU | 1 |

O Polvorín segue a enlazar triunfos. Os de Caballero tiveron paciencia para madurar un partido que o Monterroso non lles puxo doado. Agardaban un rival incómodo e os prognósticos cumpríronse, sobre todo na primeira metade.

Iso, a pesar de que os amarelos conseguiron abrir axiña o marcador. No minuto trece Dhomi cazou un despexe e lanzou un contraataque que culminou Andrés.

Paradoxalmente, o gol sentou peor no bando local que no visitante. A ansiedade por lograr o segundo xogou en contra da paciencia necesaria para encontrar os ocos ante un equipo visitante que, lonxe de arrugarse, quixo dar un paso adiante.

A boa actitude do Monterroso daría os seus froitos antes do descanso, nunha falta botada por Raúl que Isma rematou de cabeza.

Tras o paso polos vestiarios a igualdade do primeiro tempo trocaría en superioridade local. O Polvorín volveu á receita da calma para mover o balón, abrindo o campo con accións polas bandas, e amosou unha xornada máis o seu fondo de armario.

O Monterroso do primeiro tempo foise diluíndo ante un rival que monopolizou definitivamente o balón.

Dhomi, durante a segunda metade na banda, volveu ser decisivo para poñer por diante ao seu equipo, desta volta nunha acción individual que culminou co 2-1.

Os visitantes trataron de responder como fixeran ao encaixar o primeiro, pero non conseguiron recuperar o protagonismo perdido e apenas tiveron presenza en ataque.

Así, malia que o resultado era curto, o Polvorín sentíase cómodo no campo e, antes de rematar o partido, conseguiu ampliar o marcador nunha boa acción colectiva cun desmarque de Manu Couce, que puxo o balón para o remate de Alberto Vázquez.

> **"Outro partido disputado que soubemos madurar"**
> CABALLERO Polvorín A

> **"Recuperando boas sensacións de cara aos próximos partidos"**
> ADRIÁN VÁZQUEZ Monterroso

Os de Caballero suman seis puntos, os mesmos que a Residencia. Os dous únicos equipos que repetiron vitoria nas dúas primeiras xornadas do campionato provincial.

# Primeiros puntos da Sarriana

**OS LOCAIS** fixeron valer a súa mellor primeira metade, na que anotaron dous goles e tiveron ocasións para máis. O Foz chegou tarde á Ribela

**2**
**PENALTIS**
A Sarriana marcou o 3-1 e o 4-2 desde o punto de penalti, cortando a un Foz con ganas de rectificar o mal primeiro tempo na Ribela

| SARRIANA 4 | | FOZ 2 | |
|---|---|---|---|
| David | | Álvaro | 2 |
| Michi | 1 | Mateo | |
| RIchi | | Riki | |
| Barrio | | Carlos | |
| Gallego | | Adan | |
| Saúl | | Sergio | |
| López | | Jose | 3 |
| Somoza | 3 | Samuel | |
| David | | Pablo | |
| Ayán | | Álex | |
| Hamza | 2 | Ismael | 1 |
| Ángel | | Diego | |
| Aigo | | | |
| Pablo Cao | | | |

**Goles:** Ayan (2), Richi e Hamza pola Sarriana; Pablo e Ismael.

**Arbitro:** Óscar Campo García.

A Sarriana estreou o casilleiro de puntos cunha vitoria ante o Foz na Ribela. Nun encontro cunha parte para cada equipo, os locais fixeron valer a súa superioridade na primeira metade que remataron con 2-0.

Os de Edgar Redondo dominaron o encontro e chegaron con asiduidade e perigo á meta defendida por Álvaro, que salvou ao seu equipo do naufraxio nos primeiros corenta minutos. A el correspondelle o mérito de que a Sarriana non se fose ao descanso con máis de dous goles de vantaxe, o dobrete de Ayan.

> **"O cambio de actitude viuse reflectido neste encontro. Se queremos podemos facelo moi ben; se non queremos, somos un equipo nefasto"** EDGAR REDONDO Sarriana

> **"Difícil ganar se tiramos o primeiro tempo como o fixemos nesta ocasión"** BURUNDA Foz

Sen embargo, na segunda metade o Foz cambiou a disposición táctica, adiantando a posición de Sergio, e o equipo empezou a atopar a Ismael con máis facilidade. As sensacións dos visitantes melloraron e o dianteiro conseguiu recortar distancia axiña. Co Foz na busca do segundo un penalti devolveulle a renda á Sarriana. Un paso atrás que os de Burunda rectificaron co 3-2 de Pablo. De novo co empate a tiro, outro penalti en contra cortou as as ao Foz, que rematou o encontro lamentando os minutos perdidos.

# Sagrado tivo contra as cordas á Residencia

**MALIA DISPOÑER DE OCASIÓNS** para chegar cunha renda maior aos minutos finais, os branquiazuis acabaron sufrindo para manter o triunfo

| RESIDENCIA | 3 | 2 | SAGRADO |
|---|---|---|---|
| **Goles:** Brais Gómez (2) e Víctor. | | | **Goles:** Yoni e David |




**Arbitro:** Jorge Carballido Veiga. **Campo:** A Cheda

> "Ou melloramos a actitude ou non imos a ningún lado" ADRIÁN VÁZQUEZ Residencia

> "Felicito a mis jugadores. Hicimos un gran esfuerzo a lo largo de los ochenta minutos contra un muy buen equipo" BRAIS ROZADOS Sagrado Corazón


Fran, do Sagrado, sae co balón controlado seguido por Marcos Lombardía

Sensacións inéditas na Cheda, onde por primeira vez na temporada viron que o triunfo branquiazul perigaba nos minutos finais. Acostumados a gañar con suficiencia os partidos, os de Adrián Vázquez acabaron sufrindo ante o Sagrado Corazón, que tivo as dúas últimas ocasións do encontro para empatar.

Os de Brais Rozados xa comezaron incomodando aos locais na saída ao campo, con quince minutos de presión moi adiantada nos que dificultaron o xogo branquiazul e se adiantaron cun gol de Yoni nun saque de esquina.

Era un ritmo imposible de manter durante todo o encontro, e os visitantes optaron por dosificar esforzos e baixaron ao medio campo. Con máis tempo e espazo para elaborar as xogadas, a Residencia atopouse máis cómoda no campo.

Dous goles de Brais Gómez en dúas accións a balón parado déronlle a volta ao marcador en apenas dez minutos. O resultado tapaba a falta de concentración defensiva que a Residencia arrastrou ao longo de todo o encontro, e que o Sagrado Corazón soubo explotar con balóns aos seus puntas. Así, antes do descanso David conseguiu igualar o marcador.

Tras o paso polos vestiarios a Residencia propuxo un cambio táctico que deu bos resultados. Con Lombardía –que saiu desde o banquiño– e Cancio como mediapuntas chegaron os mellores momentos de xogo dos branquiazuis, que parecían dispostos a romper o partido. Tiveron ocasións suficientes para facelo, pero só Víctor conseguiu materializar unha das numerosas chegadas con perigo que protagonizaron.

Así, o partido chegou aos últimos minutos do encontro cunha renda mínima para os locais, que viron como polo menos dous puntos puideron escapar da Cheda.

Primeiro Guille sacou na liña de gol un remate de David que se coaba entre os tres paus e, xa no desconto, Álex sacaba a corner un remate de Yoni.

Ao final a Residencia saíu vitoriosa do envite. A vindeira semana visitará ao Foz. Sagrado mediráse ao Monterroso.

**OS MELLORES**

| RESIDENCIA | | SAGRADO | |
|---|---|---|---|
| CANCIO | 1 1 1 | ÁLVARO | 1 1 1 |
| VÍCTOR | 1 1 | CARLOS | 1 1 |
| MARTÍN | 1 | DAVID | 1 |

**3–2**

**PRIMEIRA POLA MÍNIMA**

A Residencia experimentou por primeira vez esta temporada a sensación de incertidume ata o último minuto. No que vai de temporada, gañara todos os encontros por cunha renda mínima de dous goles


Yoni e o branquiazul Brais Gómez na loita polo coiro


Martín B. a piques de disparar ante a chegada de Losada


David, Sagrado, trata de frear o pase de Brais Gómez


Samu e Adrián Cancio na disputa dun balón aéreo

## CLASIFICACIÓNS

### CADETE Promoción Ascenso

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Polvorín A – Monterroso | 3–1 |
| Burela – Ribadeo | Apr. |
| Sarriana A – Foz | 4–2 |
| Residencia A – Sagrado | 3–2 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EF POLVORÍN A | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 5 | 1 |
| RESIDENCIA | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 6 | 2 |
| CD FOZ | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 4 | 4 |
| SARRIANA | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 6 | 5 |
| SAGRADO C. | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 5 | 5 |
| RIBADEO | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 2 |
| BURELA | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 4 |
| MONTERROSO | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 2 | 2 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Polvorín A - Burela; Foz - Residencia A; Ribadeo - Sarriana; Monterroso - Sagrado

### CADETE Play-Off

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Abuín – Viveiro CF B | 3–0 |
| Xove Lago – Residencia B | 3–0 |
| Casás – Piringalla | 1–1 |
| Becerreá – Lourenzá | 2–2 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XOVE LAGO | 6 | 2 | 2 | 0 | 8 | 8 | 0 |
| BECERREÁ | 4 | 2 | 1 | 1 | 0 | 10 | 6 |
| LOURENZÁ | 4 | 2 | 1 | 1 | 0 | 5 | 2 |
| RESIDENCIA B | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 2 | 3 |
| AT. ABUÍN | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 3 | 2 |
| CASÁS | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 1 | 4 |
| PIRINGALLA | 1 | 2 | 1 | 0 | 1 | 1 | 6 |
| VIVEIRO B | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 4 | 11 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Abuín - Xove Lago; Piringalla - Becerreá; Residencia B - Casás; Viveiro B - Lourenzá

### CADETE Torneo Delegación

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Pontenova – Castro | 3–0 |
| Antas – Sarriana B | 1–1 |
| Vilalbés B – EF Polvorín | 0–0 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CASTRO | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 | 4 | 3 |
| PONTENOVA | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 7 | 0 |
| ANTAS | 2 | 2 | 0 | 2 | 0 | 1 | 1 |
| EF POLVORÍN B | 2 | 2 | 0 | 2 | 0 | 1 | 1 |
| VILLALBÉS B | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| SARRIANA B | 1 | 1 | 0 | 1 | 1 | 1 | 5 |
| FERROVIARIA | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 4 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Ferroviaria - Pontenova; Sarriana B- Villalbés B; Castro - Antas

**PLAY OFF | TORNEO DELEG.**

## Xove e Pontenova marcan o ritmo nunha xornada con catro empates

Nunha xornada na que primou a igualdade –catro dos sete partidos remataron con empate–, o Xove Lago e o Sporting Pontenova tomaron a batuta nas súas respectivas competicións. Son os dous únicos equipos que poden presumir de repetir vitoria na segunda xornada e de seguir sen encaixar ningún gol. Os de Iravedra lideran o Play Off tras impoñerse a unha Residencia B con números de provincial na primeira fase. Mentres, o Sporting Pontenova encabeza o Torneo Delegación tras vencer na mina ao Castro. Os mariñaos suman sete goles en dous partidos, case a metade dos que marcaron na primera fase.

## Pichichi
XUVENIL PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| ANXO | Milagrosa | 12 |
| ABELLA | Sarriana | 12 |
| IAGO | Polvorín FC | 11 |
| BORJA | Castro | 9 |
| DAMIÁN | Becerreá | 8 |
| NANO | Milagrosa | 8 |
| GUNDÍN | Sagrado | 8 |
| VÍCTOR | Foz | 7 |
| MARCO | Milagrosa | 7 |
| ALBERTO | Polvorín FC | 7 |
| ABEL | Villalbés B | 7 |
| JAVI | Becerreá | 6 |
| NEIRA | Milagrosa | 6 |
| DIEGO | San Ciprián | 6 |
| GABRI | Villalbés B | 6 |
| ÁLEX | Castro | 5 |
| EDILSON | Foz | 5 |
| SPEEDY | Polvorín FC | 5 |
| IVÁN GARCÍA | Ribadeo | 5 |
| SANTÍN | Becerreá | 4 |
| NACHO | Castro | 4 |
| RAÚL | Castro | 4 |
| TORITO | Castro | 4 |
| YERAI | Foz | 4 |
| JORGE | Foz | 4 |
| CASANOVA | Ribadeo | 4 |
| JORGE | Ribadeo | 4 |
| ADRIÁN | Sagrado | 4 |
| IVANILSON | San Ciprián | 4 |
| MARCO | Sarriana | 4 |
| ÁLEX | Villalbés B | 4 |
| ÁNGEL | Villalbés B | 4 |
| JOSE | Becerreá | 3 |
| JOSE A. | Becerreá | 3 |
| JORGE | Castro | 3 |
| CHAMPI | Castro | 3 |
| JHOSEBA | Foz | 3 |

## Regularidade
XUVENIL PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| JORGE | Foz | 23 |
| HUGO | Sagrado | 21 |
| IAGO | Polvorín FC | 19 |
| DIEGO | San Ciprián | 17 |
| SANTÍN | Becerreá | 16 |
| RAÚL | Castro | 16 |
| BORJA | Castro | 15 |
| VÍCTOR | Foz | 15 |
| SPEEDY | Polvorín FC | 15 |
| ADRIÁN | Castro | 14 |
| ÁLEX | Ribadeo | 14 |
| ÁLEX | Polvorín FC | 13 |
| ABELLA | Sarriana | 13 |
| ABEL | Villalbés B | 13 |
| IVÁN | Becerreá | 12 |
| ANXO | Milagrosa | 11 |
| ABRAHAM | San Ciprián | 11 |
| EDGAR | Sarriana | 11 |
| ÁLEX | Foz | 10 |
| IVANILSON | San Ciprián | 10 |
| IAGO | Villalbés B | 10 |
| JORGE | Becerreá | 9 |
| JORGE | Castro | 9 |
| DIEGO | Milagrosa | 9 |
| ADRIÁN | Ribadeo | 9 |
| ANDRÉS | San Ciprián | 9 |
| JAIRO | San Ciprián | 9 |
| FABIÁN | Sarriana | 9 |
| ÁNGEL | Villalbés B | 9 |
| JAVI | Becerreá | 8 |
| JOSE | Becerreá | 8 |
| VÍCTOR | Foz | 8 |
| DIEGO | Milagrosa | 8 |
| RUBÉN | Polvorín FC | 8 |
| HUGO | Ribadeo | 8 |
| DIEGO | Ribadeo | 8 |
| PLATAS | Sagrado | 8 |
| MANU | Sarriana | 8 |




Brais Prados, adestrador do Castro, seguindo con atención unha xogada diante do seu banquiño nun encontro

# O Castro quedou co botín no sprint final

**PARTIDO IGUALADO** no que o Becerreá tivo ocasións para chegar por diante aos últimos minutos no Arturo Pereiro

| CASTRO | 4 | 2 | BECERREÁ |
|---|---|---|---|
| **Goles:** Champi, Mángel e Borja (2). | | | **Goles:** Jose Antonio e Santín. |




**Arbitro:** Antón Llenderrozas Ron **Campo:** Municipal Arturo Pereiro-Castro

### OS MELLORES

| CASTRO | | BECERREÁ | |
|---|---|---|---|
| BORJA | 3 | JOSE A. | 3 |
| DIEGO | 2 | SANTÍN | 2 |
| PETE | 1 | RIOMAO | 1 |

O Castro volveu gañar despois de catro xornadas cun 4-2 que se xestou nos últimos minutos e que nos dous lados se valora como excesivo para os méritos dos locais e pouco xeneroso cos visitantes.

Os de Antón Méndez adiantáronse cun gol de Jose Antonio, pero antes do descanso os chairegos déronlle a volta ao marcador cun gol de Champi, que aproveitou un rechace, e outro de Borja, nunha xogada individual que rematou cun disparo ao pau longo.

O partido foi máis vistoso e igualado nesa primeira metade que tras o reinicio, no que os dous equipos tiveron menos continuidade no xogo, e víronse menos ocasións pero as máis claras foron do Becerreá.

Santín marcou o 2-2 nun lanzamento directo de falta e, tras o empate, Santín e o dianteiro Javi Riomao dispuxeron de dúas ocasións para darlle a volta ao encontro, en dous remates que rexeitou a madeira.

O Castro tratou de retomar a iniciativa do xogo e no treito final do encontro conseguiu retomar as rendas ante un Becerreá que seguía na busca do gol, pero cada vez máis partido.

O desenlace forxouse nos últimos minutos de encontro. O central Mángel conseguiu o 3-2 ao culminar un pase de Raúl e, xa no desconto, Borja selou a vitoria co 4-2.

A vindeira finde semana os de Brais Prados teñen un complicado test contra a Milagrosa, líder, na Frigsa. O Becerreá recibe ao Ribadeo.

> **"Non cumprimos os obxectivos nin a nivel colectivo nin a nivel individual. Resultado inxusto"**
> BRAIS PRADOS Castro

> **"El resultado no refleja los méritos del equipo"**
> ANTÓN MÉNDEZ Becerreá

# Toni igualou o gol de Abella

**E ASINOU O TERCEIRO EMPATE** dos ribadenses, que desperdiciaron un penalti e a superioridade numérica para facerse coa vitoria

| RIBADEO | 1 | SARRIANA | 1 |
|---|---|---|---|
| Diego | 1 | Edgar | |
| Fran Goyos | | Goyanes | |
| Hugo | | Arias | |
| Román | 3 | Porral | |
| Miguel Yáñez | | Raúl | |
| Adrián Cube | | Abella | |
| David Cube | | Marco | |
| Jorge | | Fabián | |
| Álex | 2 | Miqueias | |
| Toni | | Manu | |
| Iván García | | Diego Pérez | |
| Dani | | Diego Glez. | |
| Manu | | Deigo Abab | |
| Diego Barreiro | | Anxo | |

**Goles:** Toni polo Ribadeo; Abella pola Sarriana.

**Arbitro:** Abraham Vázquez Alemparte.

Reparto de puntos entre Ribadeo e Sarriana despois dun encontro con dúas partes diferenciadas. Os visitantes adiantáronse na primeira metade e tiveron ocasións para ampliar a renda ante un equipo local dubitativo en accións defensivas e que apenas conseguía chegar con perigo.

Sen embargo, na segunda metade os de Salva melloraron a posta en escena. Cun xogo máis incisivo asumiron a iniciativa do encontro e comezaron a prodigarse en ataque. Froito diso Toni conseguiu igualar un encontro, co 1-1 o partido parecía poñerse de cara aos ribadenses. A Sarriana foi acumulando tarxetas en varias accións, unha delas unha vermella directa por unha man na área sinalada polo árbitro. Con todo, nin a superioridade numérica nin ese penalti a favor, que Álex non logrou transformar, foron abondo para que o Ribadeo movese o marcador.

Desde a vitoria contra o Foz na primeira xornada os de Salva so conseguiron sumar de un en un. Son o equipo con máis empates do campionato provincial.

> **"Unha parte para cada equipo. Estamos perdendo moitos puntos por erros propios"**
> SALVA Ribadeo

# Impúxose o pragmatismo do Foz no Municipal

**AO SAGRADO** faltoulle gol

| FOZ | 3 | SAGRADO CORAZÓN | 2 |
|---|---|---|---|
| Alonso | | Harry | |
| Marques | | Hugo | 3 |
| Alexis | | Mateo | |
| Víctor | | Adrián | |
| Juan | 1 | Mithun | |
| Jorge | | Yeray | 2 |
| Álex C. | 3 | Xoan | |
| Sergio | | Gundín | |
| Manuel | | Rodri | |
| Víctor P.z | 2 | Muinelo | |
| Levin | | Extremeiro | |
| José María | | Pablo | |
| | | Eliseo | 1 |
| | | Emiliano | |
| | | Sergi | |

**Goles:** Álex Carreiras, Sergio e Juan polo Foz; Gundín (2) polo Sagrado Corazón.

**Arbitro:** David Méndez Moreda.

Coa Milagrosa e o Rácing Villlalbés B co rumbo fixo nas primeiras prazas da clasificación o Foz apúntase como candidato a pelexar polo terceiro billete para o campionato provincial.

O pragmatismo é a principal baza dos de Iván Gayol que, ante Sagrado Corazón, fixeron valer a súa efectividade na segunda metade.

Ata o descanso os lucenses levaron a iniciativa, xenerando fútbol e ocasións para ir ao descanso con ventaxa, pero non tiveron premio.

Faltoulles a pegada que si demostrou o Foz cun gol de Álex Carreiras nunha acción a balón parado no inicio da segunda metade. Juan e Sergio puxeron terra polo medio antes duns minutos finais nos que se precipitaron os acontecementos.

A lesión de Alexis que deixou con dez xogadores aos locais e dous goles e Gundín que apertaron o marcador: o primeiro de penalti e o segundo nun man a man na última xogada do encontro, con seis minutos de engadido.

> **"Competindo así de ben nótase menos a falta de adestramentos"**
> IVÁN GAYOL Foz

> **"Es una pena que solo cuente el marcador. Creo que hacemos muchas más cosas de las que reflejan los resultados"**
> FRAN Sagrado Coarzón

# A Milagrosa segue con pé firme ao fronte da táboa

## OS DE MANOLO COUSO, TRAS IMPOÑERSE EN MONTIRÓN, lideran o Provincial xuvenil empatados co Villalbés B e con 5 puntos sobre o cuarto

**POLVORÍN FC 0 | 3 MILAGROSA**

**Goles:** Neira, MIguel e en propia meta.




**Arbitro:** .Abdelouadoud Boutzakate **Campo:** O Polvorín

**"Fixemos un bo partido ante un bo equipo"** KUBALA Polvorín

**"Partido trabado na primeira parte e moito máis aberto na segunda"** COUSO Milagrosa

**OS MELLORES**

| POLVORÍN FC | | MILAGROSA | |
|---|---|---|---|
| MARTÍN | 3 | DIEGO G. | 3 |
| ÁLEX | 2 | FRAN | 2 |
| PORRAL | 1 | NEIRA | 1 |

A Milagrosa enlazou no Polvorín a cuarta vitoria e o cuarto encontro sin encaixar ningún gol. Os de Couso seguen reforzando a súa condición de favoritos a loitar polo Ascenso aínda que, fronte aos amarelos, custoulles abrir a lata.

O marcador non se moveu durante os primeiros corenta minutos nos que os locais, moi xuntos, conseguiron pechar ben os espazos aos xogadores da Frigsa, que se atoparon cun You acertado nas ocasións nas que atoparon a portería rival.

O guión do encontro cambiou tras o paso polos vestiarios. Nos primeiros minutos da segunda metade, Neira conseguiu inaugurar o marcador cun gol que mudou o escenario.

O partido abriuse e os visitantes atoparon máis facilidades para mover o balón e despregar o seu xogo vertical, chegando con máis asiduidade e perigo á área rival. Así, a quince minutos para o final o central milagrosista Miguel fixo o 0-2, que aseguraba a vitoria para os visitantes.

Antes do asubío final un gol en propia meta redondeou o marcador para os de Couso, que se manteñen no máis alto da clasificación.

A vindeira fin de semana recibirán ao Castro na Frigsa. O Polvorín FC ten outro complicado choque, a domicilio, contra o Rácing Villalbés B.

**4**

**PARTIDO SEN ENCAIXAR**
Ademais de sumar de tres en tres, a Milagrosa non encaixou ningún gol nos últimos catro encontros. O Villalbés B, na primeira xornada do Provincial, foi o único equipo que conseguiu bater ao equipo da Frigsa

**52´**

**GOL DE NEIRA**
O primeiro gol da Milagrosa fíxose agardar ata o inicio da segunda metade. O Polvorín FC defendeu ben a súa portería na primeira metade, deixando sen ocos aos visitantes


Os xogadores da Milagrosa celebrando o 0-1 de Neira


Sebas a piques de despexar a porta entre Pedro e Neira


O albivermello Marco e Sebas na disputa polo esférico

# O Rácing Villalbés B mantén o pulso

## O CENTRO DO CAMPO foi o motor do equipo chairego,que chegou ao descanso cun 4-1 no marcador. Os de Iván Lamas comparten liderado coa Milagrosa

| SAN CIPRIÁN 1 | | RC VILLALBÉS B 4 | |
|---|---|---|---|
| Elías | | Óscar | |
| Irfan | | Cris | |
| Cristian | | Mateo | |
| Jairo | | Yoel | |
| Juan | | Nico | |
| Adrao | | Marco | 3 |
| Nacho | 1 | David | |
| Hugo | 2 | Iago | 2 |
| Diego B. | 3 | Santi | 1 |
| Fly | | Abel | |
| Dani | | Gabri | |
| David | | Álex | |
| Iván | | Héctor | |
| | | Carlo | |

**Goles:** Diego Baltar polo San Ciprián; Abel (2) e Gabri (2) polo Villalbés B.

**Arbitro:** Manuel Martínez Díaz.

Cuarta vitoria consecutiva tamén para o Rácing Villalbés B, que deixou o partido visto para sentenza na primeira metade.

A diferenza do partido xogado no Roca na primeira fase da tempada, o Rácing Villalbés B conseguiu despregar na Veiga o seu mellor xogo, cunha boa actuación dos xogadores do centro do campo, que se fixeron donos do balón desde os primeiros minutos do encontro.

O San Ciprián aguantou o envite nos vinte minutos iniciais, pero o primeiro tanto de Gabri confirmou que o partido se faría moi longo para os locais. En apenas vinte minutos os chairegos puxérónse con 0-4 no marcador co segundo de Gabri e outro dobrete de Abel. Antes do intermedio o San Ciprián conseguiu o 1-4 que, á volta doutros corenta e cinco minutos, se convertería en definitivo. Nacho puxo o centro para o remate de Diego Baltar.

Na segunda metade, co partido resolto, o San Ciprián soltouse e creou ocasións para maquillar o resultado, que tamén puido ampliar o Rácing Villalbés B.

A vindeira cita dos chairegos será co Polvorín en Vilalba. O San Ciprián xoga contra o Sagrado Corazón nas Gándaras.

**"Valoro moito o esforzo que fixeron os xogadores a pesar do resultado final"** MADARIAGA San Ciprián

**"Victoria importante que nos mantén no camiño a seguir. Temos que continuar traballando"** IVÁN LAMAS RC Villalbés B

## CLASIFICACIÓNS

### XUVENIL Promoción Ascenso

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| San Ciprián - Villalbés B | 1-4 |
| Foz - Sagrado Corazón | 3-2 |
| Ribadeo - Sarriana | 1-1 |
| Castro - Becerreá | 4-2 |
| Polvorín FC - Milagrosa | 0-3 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| MILAGROSA | 13 | 5 | 4 | 1 | 0 | 18 | 1 |
| VILLALBÉS B | 13 | 5 | 4 | 1 | 0 | 14 | 5 |
| CD FOZ | 9 | 5 | 3 | 0 | 2 | 11 | 7 |
| CD CASTRO | 8 | 5 | 2 | 2 | 1 | 11 | 9 |
| POLVORÍN FC | 7 | 5 | 2 | 1 | 12 | 8 | 11 |
| SD RIBADEO | 6 | 5 | 1 | 3 | 1 | 5 | 8 |
| SARRIANA | 4 | 5 | 1 | 2 | 2 | 7 | 15 |
| BECERREÁ | 3 | 5 | 1 | 0 | 4 | 5 | 12 |
| SAN CIPRIÁN | 2 | 5 | 0 | 2 | 3 | 6 | 12 |
| SAGRADO C. | 2 | 5 | 0 | 2 | 3 | 4 | 9 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Villalbés B-Polvorín FC · Becerreá - Ribadeo
Sagrado - San Ciprián · Milagrosa - Castro
Sarriana - CD Foz

### XUVENIL Play-Off

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Quiroga FC - San Roque | 6-4 |
| Monterroso - Xove Lago | 2-1 |
| Residencia B - Cospeito | 1-1 |
| Corgo - Viveiro CF B | 1-3 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| VIVEIRO CF B | 12 | 4 | 4 | 0 | 0 | 10 | 3 |
| RESIDENCIA B | 10 | 5 | 3 | 1 | 1 | 21 | 10 |
| XOVE LAGO | 9 | 5 | 3 | 0 | 2 | 17 | 10 |
| SAN ROQUE | 9 | 5 | 3 | 0 | 2 | 14 | 14 |
| COSPEITO | 7 | 4 | 2 | 1 | 1 | 9 | 8 |
| MONTERROSO | 6 | 4 | 2 | 0 | 2 | 7 | 9 |
| QUIROGA | 3 | 4 | 1 | 0 | 3 | 10 | 15 |
| CORGO | 3 | 5 | 1 | 0 | 4 | 9 | 17 |
| PALAS | 0 | 4 | 0 | 0 | 4 | 4 | 15 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Xove Lago - Quiroga · Viveiro B - Residencia B
Cospeito - Monterroso · Palas - Corgo

### XUVENIL Torneo Delegación

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Pontenova - Ferroviaria | 4-0 |
| Outeiro de Rei - Guitiriz | 1-1 |
| Taboada - Burela SD | 2-4 |
| Polvorín A - Lourenzá | 4-3 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BURELA | 15 | 5 | 5 | 0 | 0 | 23 | 11 |
| SP PONTENOVA | 12 | 5 | 4 | 0 | 1 | 21 | 5 |
| LOURENZÁ | 9 | 5 | 3 | 0 | 2 | 21 | 12 |
| OUTEIRO DE REI | 7 | 5 | 2 | 1 | 2 | 10 | 5 |
| GUITIRIZ | 7 | 5 | 2 | 1 | 2 | 7 | 15 |
| FERROVIARIA | 6 | 5 | 2 | 0 | 3 | 10 | 17 |
| EF POLVORÍN A | 3 | 4 | 1 | 0 | 4 | 10 | 26 |
| TABOADA | 0 | 5 | 0 | 0 | 5 | 4 | 13 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Polvorín A - Ferroviaria · Burela- Outeiro
Guitiriz - Pontenova · Lourenzá - Taboada

**PLAY OFF | TORNEO DELEG.**

## O Quiroga volve saborear un triunfo tras a decepción final da primeira fase

Tras ser unha das sorpresas da primeira fase, optando á clasificación para o campionato provincial ata o último momento, o Quiroga viña pasando horas baixas no Play Off, sen conseguir gañar ningún partido. A primeira vitoria chegoulles esta fin de semana ante o San Roque. Os locais chegaron a ter unha vantaxe de 5-0 antes de que o San Roque tirara de orgullo. No Torneo Delegación o Polvorín A gañou o seu primeiro partido da temporada.

DEPUTACIÓN DE LUGO — A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE

# INVESTIMENTO

## INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

## A DEPUTACIÓN DE LUGO RENOVA OS CAMPOS DE FÚTBOL DE MEIRA E PARADELA

A Lomba e O Gandarón xa locen novo e mellorado aspecto para a práctica deportiva





Meira e Paradela contan desde a pasada semana con campos de fútbol renovados grazas ás obras de mellora realizadas nas instalacións con achegas da Deputación de Lugo.

**Campo Municipal A Lomba**

O organismo provincial investiu no campo meirego da Lomba 48.400 euros destinados ao acondicionamento e mellora do terreo de xogo. Os traballos consistiron na renovación integral do céspede de herba natural, aporte de area para mellorar a permeabilidade, fertilización e sementeira da nova cuberta vexetal así como a reimplantación do sistema do rego.

Deste xeito, deuse solución ao grave problema de drenaxe que provocaba un mal estado do terreo de xogo, intensificado durante os meses do inverno polas choivas, co consecuente risco de lesións para os usuarios.

Na inauguración das obras o presidente da Deputación, Darío Campos Conde, sinalou que "coa realización destas actuacións damos resposta a unha necesidade dos veciños e veciñas de Meira, dotándoos dun espazo de xogo en condicións idóneas, favorables e de calidade para a práctica deportiva. Deste xeito os 25 xogadores do Meira Fútbol Club, federados na categoría segunda autonómica, poderán empregalo en condicións de total seguridade, asegurando que todos os veciños da provincia poden acceder en igualdade de condicións á práctica do deporte, independentemente do concello no que vivan".

**Campo Municipal O Gandarón**

No campo municipal de Paradela as actuacións financiadas polo organismo provincial con 21.000 euros incluíron a nivelación do solo, o levantamento e a sementa de novo céspede natural, así como a ampliación do sistema de rego. Os traballos beneficiarán aos 50 xogadores que empregan este campo acotío, os xogadores da SD Paradela, que compite na Terceira Autonómica, e os da Asociación de Veteranos de Paradela.

A Deputada Provincial, Sonsoles López Izquierdo, acompañada do Presidente da S.D Paradela, Roberto López, participou na inauguración das melloras do campo onde lembrou que o executivo provincial asinou o pasado decembro outro convenio para construír un campo de herba artificial ao carón deste complexo deportivo.

**Tres millóns de euros en instalacións deportivas**

Lopez Izquierdo destacou "esta é só unha parte de todo o orzamento que empregamos na mellora de instalacións deportivas municipais na provincia. Durante o 2018 investimos preto de 3 millóns de euros neste tipo de actuacións, sendo a administración que máis inviste en Deporte na provincia de Lugo, e como exemplo, esta fin de semana visitamos instalacións en Meira e Guitiriz, melloradas grazas ao apoio do Goberno da Deputación"

DEPUTACIÓN DE LUGO — A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE